Suprimirase a marquesiña de cemento que se fixa ao muro do piso comercial, así como as persianas de plástico, así como todos os elementos disconformes ou alleos ao ben co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/I-11**	**A_098**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa da beira da estrada	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 29**

COORDENADAS: 629532-4644543

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas que presenta planta poligonal e dúas alturas (B+I) con fachada a unha das principais rúas da vila. O inmoble, levantado en cantaría de boa calidade (opus quadratum), dedica o seu piso terreo a usos comerciais. O andar residencial articúlanse cara o exterior alternando fiestras con peitoril con portasdaire balconadas (todas elas recercadas) que locen soleira granítica. Entre cada un dos ocos dispóñense acanaladuras verticais que pautan elegantemente a fachada residencial, nun claro afán por diferenciar os usos de cada un dos niveis ou alturas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-11	A_099

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 25**

COORDENADAS: 629510-4644537

DESCRICIÓN:

Edificio de estilo ecléctico que presenta planta poligonal e dúas alturas (B+I) con fachada a unha das principais rúas da vila. O inmoble, levantado en cantaría de boa calidade (opus quadratum), dedica o seu piso terreo a usos comerciais. Os andares residenciais articúlanse cara o exterior situando un par de portasdaire balconadas que locen soleira granítica (compartida no primeiro andar e individual no segundo).

O elemento máis destacado do conxunto é a fermosa decoración que presenta a fachada: a moldura ou alfiz que percorre transversalmente o frontis en cada andar, enmarcando os ocos dos pisos residenciais (todos eles resoltos por medio de arcos de medio punto rebaixados); unha serie de botóns ou motivos circulares con punto central que flanquean cada un deses vans.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Sobre o segundo andar residencial elevouse unha nova altura (o terceiro andar) que é totalmente allea ao proxecto orixinal.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Instalación dunha rotulación comercial que non oculte nin minusvalore os valores arquitectónicos que son obxecto de protección. Substitución de carpinterías de aluminio natural e lacado en branco por outras de madeira, supresión de toldos e supresión de persianas de plástico.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Instalación de rótulo incompatible	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
As que fixe o nivel de protección	Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/I-11**	**A_100**

F 01

PLANO





DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 23**

COORDENADAS: 629499-4644551

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas que presenta unha planta poligonal e - orixinalmente - dúas alturas (B+I) con fachada a unha das principais rúas da vila. O inmoble, levantado en cantaría de boa calidade (opus quadratum), dedica o seu piso terreo a usos comerciais. O andar residencial articúlase cara o exterior de forma asimétrica, situando unha terna de fiestras con peitoril separadas por pilastras de estilo xónico libre e reinterpretación contemporánea. Esta peza central -que ía contar cun remate en altura en forma de chanzo que non se chegou a materializar- aparece flanqueada por xanelas baixo arco de medio punto rematadas en altura por medio dunha enorme clave acanalada.
O elemento máis destacado do inmoble é o deseño ecléctico da fachada, moderno e clásico a un tempo, mais cunha única tacha, o desafortunado andar engadido ao piso residencial orixinal, que bota por terra un proxecto que, malia todo, aínda supón unha das mellores achegas cualitativas da arquitectura verinesa do século XX.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

Instalación dunha rotulación comercial que non oculte nin minusvalore os valores arquitectónicos que son obxecto de protección e adecuación do segundo andar ao proxecto orixinal. Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben: carpinterías de aliminio en cor natural, persianas de plástico, cerraxería de aliminio…

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Instalación de rótulo incompatible	Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/I-10**	**A_101**

F 01

PLANO





DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Praza Maior nº 19; esq. rúa Travesa**

COORDENADAS: 629590-4644726

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas de estilo ecléctico situado no centro da vila de Verín que presenta planta poligonal e dúas alturas (B+I). O inmoble, levantado en tixolo e cemento, dedica o seu piso terreo e a usos comerciais. Sobre el érguese un piso residencial que se traduce cara o exterior por medio de portasdaire balconadas que voan sobre a rúa seguindo unha distribución xerárquica.

De estilo ecléctico, o inmoble destaca, fundamentalmente, por dous elementos: a grande cantidade de ocos (portas, xanelas, escaparates e portasdaire) que animan o piso terreo nas súas dúas fachadas -unidas por un vistoso chafrán-; e o coidadoso deseño utilizado nos dous eixes principais da composición: frontóns de deseño, almofadados, óculos, balcóns voados sobre canzorros acanalados, molduras, etc…

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Nos últimos tempos o edificio sufriu un proceso de rehabilitación integral, o que supuxo o engadido de novas alturas e elementos (especialmente as bufardas) que nada teñen que ver co seu deseño orixinal, malia contar con autorización da DXPC.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben (engadidos, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_102

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 9**

COORDENADAS: 629432-4644555

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal construída entre medianeiras con fronte a unha das principais rúas da vila que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta de dúas vertentes. Esta tipoloxía de vivenda responde ao patrón de casa vilega burguesa, levantada en cantaría granítica de óptima calidade (opus quadratum) que presenta un paramento integramente almofadado, situando unha serie de ocos (portas e xanelas no piso comercial e portasdaire balconadas no residencial) de forma equidistante ao longo da súa fachada. Os vans amósanse todos recercados e cubertos con arcos escarzanos.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución de carpinterías de aluminio por outras de madeira, así como das persianas de plástico. Recuperación do balcón que se dispón sobre o portalón de acceso para carro.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_103

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 5**

COORDENADAS: 629411-4644564

DESCRICIÓN:

Conxunto de vivendas de planta poligonal construídas entre medianeiras con fronte a unha das principais rúas da vila que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta de dúas vertentes. Esta tipoloxía de vivendas responde a un patrón de casa vilega tradicional, levantada en cantaría pero integramente recebada, salvo a cornixa e os balcóns, onde a cantería se exterioriza sen reparo (opus quadratum).
O tratamento do frontis sitúa unha serie de ocos (portas e xanelas no piso comercial e portasdaire balconadas no residencial) de forma equidistante ao longo da súa fachada. Os vans amósanse todos recercados e alintelados.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben (engadidos, maquinaria de aire acondicionado, materiais desaxustados, cromatismo das fachadas, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_104

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa de Elle nº 10**

COORDENADAS: 629373-4644526

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal construída entre medianeiras con fronte a unha das rúas secundarias da vila que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta de dúas vertentes. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega tradicional, levantada en cantaría granítica de óptima calidade (opus quadratum) que opta por reforzar o tratamento ornamental da fachada mediante o pintado dun friso abordonado ou greca que se sitúa xusto por baixo do aleiro.
A fachada da casa presenta unha serie de ocos (portas no piso comercial e portasdaire -reconvertidas posteriormente en xanelas de tres batentes- no residencial) de forma equidistante ao longo da súa fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

ELEMENTOS DECORATIVOS DA FACHADA

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da serie de ocos do piso vivideiro nas formas e tipoloxías orixinais. Conservación da cenefa encalada na parte superior do primeiro andar. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/H-11**	**A_105**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa de Elle nº 12**

COORDENADAS: 629376-4644513

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal construída entre medianeiras con fronte a unha das rúas secundarias da vila que presenta dúas alturas (B+I+Miradoiro casetonado) e unha cuberta de dúas vertentes. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega tradicional, levantada en cantaría granítica de óptima calidade (opus quadratum) que opta por reforzar o deseño da fachada a través dun amplo miradoiro acristalado que ocupa o eixe central do edificio a modo de grande casetón.
A fachada da casa presenta unha serie de ocos (portas e fiestras no piso comercial e portasdaire balconadas no residencial) de forma equidistante ao longo da súa fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
TIPOLOXÍA DO MIRADOIRO
BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución de letreiros comerciais en pranta baixa e soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Instalación de rótulo incompatible	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_106

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa de Elle nº 14**

COORDENADAS: 629380-4644487

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular e grandes dimensións construída entre medianeiras con fronte a unha das rúas secundarias da vila que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta de tres vertentes. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega tradicional, levantada en cantaría granítica de óptima calidade (opus quadratum) que opta por situar na súa fachada principal un amplo balcón corrido e voado que aparece sustentado sobre canzorros graníticos.

A fachada S da casa dispón un fermoso miradoiro de madeira, sen dúbida un dos elementos máis vistosos do edificio, que constitúe un privilexiado punto de observación do río Támega e dos restos da muralla da vila (integrados no patio privado inmediato).

Os paramentos presentan unha serie de ocos (portas e fiestras no piso comercial e portasdaire no residencial) dispostos de forma equidistante ao longo da súa fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MIRADOIROS

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación de solaina sobre canzorros de granito e galería e soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-10	A_107

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa dos Acevedo	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa da Cruz nº 2; Praza Maior**

COORDENADAS: 629607-4644670

DESCRICIÓN:

Levantado en plena praza García Barbón, a Casa dos Acevedo presenta un vistoso pórtico con tres arcos de medio punto na planta terrea. A casa, de tres alturas (B+II) está construída en granito (opus vittatum) e presenta no piso superior (xusto enriba da arquería porticada) dous balcóns voados, entre os que loce un fermoso escudo con timbre e sinistrado. A transición co piso residencial (que ganou unha altura respecto do seu deseño orixinal) lévase a cabo mediante unha imposta granítica que segue o perfil do trabatel e do brasón situados no piso principal.
Apegado a un dos piares do pórtico inferior localízase o fragmento dun miliario romano.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS A PROTEXER

ENFOSCADOS PINTADOS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
ESCUDOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Enfoscado de paramentos de cantería	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
As que fixe o nivel de protección	Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_108

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa da Ribeira do Támega**

COORDENADAS: 629377-4644541

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal e pequenas dimensións construída entre medianeiras con fronte ao paseo fluvial que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas augas. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa tradicional, levantada en cantaría granítica de mediana calidade (opus vittatum) que opta por situar na súa fachada principal (W) un balcón corrido e voado.
A fachada da casa dispón unha escaleira de acceso (de dobre tiro) que desemboca nun balcón labrado en madeira. O paramento que a conforma presenta unha serie de ocos (portas no piso terreo e portasdaire e fiestras no residencial) dispostos de forma equidistante ao longo da súa fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da balaustrada orixinal nun dos tramos do corredor e na escaleira de acceso a pranta primeira.
Supresión do baño engadido ao final do corredor e soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_109

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 4**

COORDENADAS: 629382-4644552

DESCRICIÓN:

Casa vilega de planta rectangular e esquinas redondeadas que, levantada entre medianeiras, ten fronte a unha das rúas principais da vila. Presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta de tres vertentes. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega burguesa, levantada en cantaría granítica de óptima calidade (opus quadratum) que opta por situar na súa fachada principal unha serie de balcóns (individuais nos laterais e dobre no centro) que aparecen apoiados sobre unha soleira granítica.
As fachadas E e W dispoñen fermosos miradoiros de madeira -con xanelas de guillotina- que contribúen a facer do inmoble un dos mellores exemplos de arquitectura tradicional vilega de Verín.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ENFOSCADOS PINTADOS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
MIRADOIROS
BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Supresión do enfoscado pintado	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
As que fixe o nivel de protección	Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_110

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa Maior nº 61**

COORDENADAS: 629407-4644575

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal construída entre medianeiras con fronte á principal rúa de acceso á vila histórica desde a ponte. Presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas augas. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega decimonónica, levantada en cantaría granítica de mediana calidade (opus vittatum) que opta por situar na súa fachada (W) un balcón corrido recuado respecto da fachada, que loce unha soleira granítica.
O piso terreo dedícase a adega, de aí que sitúe, ademais da porta de acceso á vivenda, un grande oco gorecido baixo un fermoso arco escarzano.
Os paramentos sitúan unha serie de ocos (unha porta no piso comercial e portasdaire no residencial) dispostos de forma equidistante ao longo da súa fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución de persianas de aluminio por contras de madeira, e de enreixado de aluminio no oco de pranta baixa e tratamento de fachada adecuado no rexuntado de pedra e retirada do alicatado que loce o paramento do balcón. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Conservación do alicatado visto	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_111

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de casas vilegas	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa da Alameda nº 5-7-9**

COORDENADAS: 629364-4644614

DESCRICIÓN:

Conxunto de tres (3) vivendas de planta poligonal construídas entre medianeiras con fronte ao paseo fluvial da vila. Presentan dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas ou tres augas, segundo o caso. Esta tipoloxía responde a un patrón de casa vilega tradicional, levantada en cantaría granítica de mediana calidade (opus vittatum) que, en todos os casos agás un, opta por situar na súa fachada (W) un balcón corrido voado que ten como soporte, ben unha soleira granítica, ben de madeira.
O piso terreo dedícase a adega, de aí que sitúe, ademais da porta de acceso á vivenda, un grande oco alintelado que permite descargas de certo porte.
Os paramentos sitúan unha serie de ocos (portas e portalóns no piso comercial e fiestras e portasdaire no residencial) dispostos de forma equidistante ao longo da súa fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Recuperación dos canzorros que a sustentan e eliminación de toldos en catro vanos dela.

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da tipoloxía orixinal das vivendas, especialmente dos elementos que compoñen a fachada (solainas e balcóns). Rehabilitación da vivenda abandonada e deshabitada que fai medianeira co edificio de vivendas. Soterramento do cableado aéreo.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Alteración da tipoloxía tradicional	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/H-11	A_112

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 42; R/ Alameda n**

COORDENADAS: 629363-4644585

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular que, levantada entre medianeiras, ten fronte a unha das rúas principais da vila. O proxecto orixinal, datado no século XX, presenta tres alturas (B+II) e unha cuberta a catro augas. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de gran edificio levantado en cantaría granítica de óptima calidade (opus quadratum) mais carente de calquera caste de ornato.

A súa fachada principal opta por situar unha serie de balcóns individuais que aparecen apoiados sobre unha soleira granítica levemente voada no primeiro andar. O piso superior, para o que proxecto situou portasdaire protexidas cunha varanda, loce hoxe fiestras grazas ao peche da metade dos ocos con cantaría.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Tratamento axeitado do corpo adosado lateralmente á construción principal, e do ático. Recuperación dos ocos orixinais da segunda pranta e substitución de elementos discordantes na fachada. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MUÍÑOS	O4/G-11	A_113

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño dos Tres Guerras	**VERÍN**	**San Lázaro**	**Camiño Vello s/n**

COORDENADAS: 629074-4644433

DESCRICIÓN:

Edificio construído no ano 1739, segundo consta como epígrafe no lintel da única portadaire que se sitúa no piso superior. De planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas, o muíño é, en realidade, o edificio principal dun conxunto de pequenas construcións adxectivas apegadas a el.
Levantado en plementería concertada (opus mixtum vittatum) a lectura exterior dos seus paramentos permite concluír que, xunto coa portadaire á que nos referimos máis arriba, o portalón de acceso ao piso terreo -gorecido baixo un fermoso arco de medio punto- é o elemento máis singular do inmoble, exceptuando desta valoración o mecanismo de moenda.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MUÍÑOS	O4/H-10	A_114

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño de Peláez	**VERÍN**	**San Lázaro**	**Estrada de Vences nº 30-32; OU-113**

COORDENADAS: 629203-4644785

DESCRICIÓN:

Edificio construído no século pasado, tal e como evidencia a tipoloxía e o tamaño do edificio principal, destinado a moenda. De planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas, o muíño é, en realidade, o edificio principal dun conxunto de construcións adxectivas tradicionais apegadas a el.
Levantado en cantaría (opus quadratum) a lectura exterior dos seus paramentos é o propio dunha auténtica industria moderna, ofrecendo un conxunto de xanelas seriadas agrupadas de grande tamaño e disposición regular.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/I-11**	**A_115**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 18**

COORDENADAS: 629464-4644511

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas que presenta planta rectangular e tres alturas (B+II). O inmoble, levantado en cantaría de boa calidade (opus quadratum), dedica o seu piso terreo a usos comerciais.
Os andares residenciais articúlanse cara o exterior a través dun par de miradoiros alicatados que voan levemente sobre a rúa sustentados por canzorros graníticos que ocupan o eixe da fachada a modo de exedra, o que os converte no elemento máis singular do edificio. Este elemento aparece flanqueado por fiestras recercadas de grande tamaño con peitoril.
Xunto coa boa factura da cantaría destaca a organización vertical da fachada, deseñada de forma equilibrada e proporcionada, o que contrasta cos edificios que o flanquean.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	Aumento das alturas permitidas pola ordenanza As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-11	A_116

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 28**

COORDENADAS: 629506-4644507

DESCRICIÓN:

Edificio de estilo ecléctico de grande tamaño que presenta planta rectangular e tres alturas (B+II+Bufarda), constituíndo un dos mellores exemplos de arquitectura residencial do concello, mostra dun momento histórico excepcional. A fachada do inmoble, de estilo ecléctico, levántase en perpiaño granítico de óptima calidade (opus quadratum) organizándose a partir de dúas rúas laterais: a banda da dereita (que presenta unha sucesión vertical de balcóns voados e enrasados rematados en altura nun elemento torreado que coroa o conxunto) e a banda da esquerda (que superpón unha serie de miradoiros voados de grande beleza). Entre ambas rúas -separadas entre si por un vistoso almofadado- un lenzo de portasdaire encaixadas entre pilastras que se organizan tipoloxicamente en altura (balcón corrido abaixo e individual arriba).
Entre o nº 28 e o nº 30 existe un volume de planta terrea destinado a usos comerciais (unha zapatería). Esta pequena construción, levantada en catería, presenta un deseño acorde co grande edificio de vivendas que aparece identificado co nº 28: unha fachada enmarcada por pilastras almofadadas coroadas por bolas graníticas sobre peana de sección cuadrangular estriada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MIRADOIROS

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Instalación dunha rotulación comercial que non oculte nin minusvalore os valores arquitectónicos que son obxecto de protección. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Instalación de rótulo incompatible	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-11	A_117

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 30**

COORDENADAS: 629523-4644510

DESCRICIÓN:

Vivenda unifamiliar de planta rectangular e dúas alturas (B+I+BC) con fachada a unha das principais rúas da vila. Construída en cantería de boa calidade (opus quadratum) o andar terreo sitúa a porta de acceso á vivenda e un portal para a entrada de vehículos coroado por un fermoso arco alintelado. O piso residencial, deseñado en concordancia co inferior, dispón un balcón individual e, ao seu par, un miradoiro, ambos voados e con soleira granítica apoiada sobre elegantes canzorros acanalados de boa factura.
Recuado respecto da fachada principal, o que deu lugar a unha pequena terraza, construiuse un aproveitamento baixo cuberta.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	Aumento das alturas permitidas pola ordenanza As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-11	A_119

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 53; Rúa da Merc**

COORDENADAS: 629707-4644551

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas que presenta planta poligonal con fachada a dúas das principais rúas da vila. De estilo ecléctico, o proxecto inicial presentaba dúas únicas alturas (B+I) coroadas por un hastial calado -a modo de friso coroado por floróns- hoxe reubicado. Na última década o inmoble foi recrecido con tres novas alturas, o que trouxo consigo o falseamento do proxecto orixinal.

O andar terreo, dedicado a usos comerciais, dispón unha serie de portas e escaparates isódomos que se despregan ritmicamente ao longo das súas fachadas. Todos eles teñen como particularidade situar un frontón semicircular a modo de trabatel entre o lintel e o arco de medio punto que o coroa.

O piso residencial sitúa o mesmo número de ocos que o andar inferior, dispondo diante de cada un deles un balcón individual voado ao que se accede a través dunha portadaire gorecida por un arzo escarzano rebaixado. O encontro entre ambas fachadas faise a través dun ángulo curvo onde o proxectista situou un miradoiro de forxa.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

VARANDAS

ELEMENTOS DECORATIVOS DA FACHADA

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución do letreiro comercial en primeira pranta. Deberase trasladar a sinaléctica incompatible cos valores arquitectónicos a protexer. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Enfoscado de paramentos de cantería	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Instalación de rótulo incompatible	Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-11	A_120

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 62**

COORDENADAS: 629766-4644516

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas que presenta planta rectangular e tres alturas (B+II). O inmoble, levantado en cantaría de boa calidade (opus quadratum), dedica o seu piso terreo a usos comerciais.
Os andares residenciais articúlanse cara o exterior a través dun par de balcóns que voan sobre a rúa sustentados por unha soleira granítica que ocupa o eixe da fachada. Este elemento aparece flanqueado por fiestras recercadas con peitoril de forxa.
Xunto coa boa factura da cantaría destaca o deseño da fachada en "rúas" que conteñen unha tipoloxía de oco específica. Desde o punto de vista ornamental o proxectista bota man dun repertorio adusto e contido. Neste sentido as súas únicas concesións decorativas identifícanse nas pilastras que traban verticalmente a fachada e nos canzorros que sustentan o beirado.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	Aumento das alturas permitidas pola ordenanza As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/I-11**	**A_121**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Edificio de vivendas	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 63**

COORDENADAS: 629782-4644551

DESCRICIÓN:

Edificio de vivendas que presenta planta rectangular e catro alturas (B+III). O inmoble, levantado en cantaría de boa calidade (opus quadratum), dedica o seu piso terreo, como é norma, a usos comerciais. Neste nivel destaca o tratamento almofadado dos seus muros, así como os arcos alintelados que simulan coroar dous dos seus tres ocos.
Os andares residenciais articúlanse cara o exterior a través de tres miradoiros acristalados que voan sobre a rúa sustentados por unha soleira granítica que ocupa o eixe da fachada, ao tempo que sobresae en planta, o que fai deles o elemento máis singular do edificio. Este elemento aparece flanqueado por fiestras recercadas de grande tamaño con peitoril de forxa. Xunto coa boa factura da cantaría destaca a organización vertical da fachada por medio de "rúas" separadas entre si por pilastras almofadadas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución dos elementos discordantes da fachada e supresión de antena parabólica. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**O4/I-11**	**A_122**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa Maior nº 1-3**

COORDENADAS: 629589-4644644

DESCRICIÓN:

A carón da Casa dos Acevedo, podemos contemplar un fabuloso edificio de estilo modernista, sen dúbida unha das mellores mostras arquitectónicas do concello de Verín. A súa fachada foi deseñada para combinar pedra (opus quadratum) e vidro, o que lle dá un aspecto contrastado e elegante. Presenta unhas magníficas galerías-miradoiro, superpostas en dous niveis no caso do torreón lateral, que remata nunha cúpula espectacular de planta octogonal. A súa fachada tamén chama a atención pola utilización de numerosas filigranas e formas decorativas (pilastras almofadadas, motivos fitomórficos, capiteis xónicos, ovas, volutas, etc...) que presenta a pedra utilizada na súa construción.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
TIPOLOXÍA DO MIRADOIRO
BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado fixado á fachada e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Instalación de rótulo incompatible	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/I-10	A_123

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa vilega	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa Maior nº 2**

COORDENADAS: 629581-4644662

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular levantada entre medianeiras que dá fronte á Praza García Barbón e a unha das principais rúas da vila histórica. Precisamente a fachada que mira a este espazo público (estaba conformada por un balcón voado cuberto que, á súa vez, xeraba un pórtico inferior) foi derrubada nas últimas décadas, menoscabando a súa tipoloxía orixinal e os seus valores arquitectónicos.

Construída na Idade Moderna, presenta tres alturas (B+II+miradoiro) e unha cuberta a dúas augas que arrinca dun aleiro granítico levemente voado. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega burguesa, levantada en cantaría granítica de boa calidade (opus quadratum) mais carente de calquera caste de ornato, agás no caso do recercado dos ocos do segundo andar residencial.

As súas fachadas sitúan unha serie de ocos ritmicamente dispostos: portas (destaca o arco de medio punto do acceso principal), fiestras comerciais no piso terreo e portasdaire balconadas gorecidas por unha varanda no residencial.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

TIPOLOXÍA DO MIRADOIRO

MELLORAS NECESARIAS:

Deberá recuperarse a fachada orixinal que presentaba o edificio á Praza García Barbón. Soterramento do cableado fixado á fachada e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Enfoscado de paramentos de cantería	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/J-11	A_124

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Palacete vilego	**VERÍN**	**Verín**	**Avda Luís Espada nº 65; R/ Irmáns He**

COORDENADAS: 629836-4644559

DESCRICIÓN:

Palacete urbano de estilo ecléctico que presenta dúas alturas (B+I+Bufarda) con fachada a dúas rúas -unha delas a máis importante da vila- e xardín privado. De planta poligonal, as súas dúas fachadas, erguidas en cantaría perfectamente labrada e esquadrada (opus quadratum) atópanse no chafrán, elemento que aparece coroado por un torreón abufardado que se remata en altura por medio dunha terraza-miradoiro.
Tanto o andar terreo como o superior destínanse a usos residenciais, mais o primeiro piso sitúa un balcón corrido poligonal flanqueado por galerías de madeira. Malia iso o tratamento estilístico e tipolóxico dos ocos difire dun andar a outro: un híbrido de arco en mitra alintelado sobre portas e fiestras no piso terreo; e portasdaire e xanelas baixo lintel no superior.
Tanto nun caso coma no outro os falsos arcos e linteis sobresaen volumetricamente coa intención de animar plasticamente a fachada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

FINCA SINGULAR
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
TIPOLOXÍA DO MIRADOIRO
BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	O4/J-11	A_125

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Villa Isabel	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa Irmáns Hernández Álvarez nº 3**

COORDENADAS: 629843-4644583

DESCRICIÓN:

Construída no ano 1934, esta vivenda unifamiliar presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a a dúas vertentes. Levantada en cantería (opus quadratum) a súa fachada organízase en "rúas" verticais definidas por pilastras que se coroan en altura por medio de tres pináculos nos que labra en altorrelevo o nome da casa e o ano da súa construción.
Os ocos do piso terreo responden a dúas únicas tipoloxías: portalóns (3) que dan acceso a senllos garaxes e unha porta. En correspondencia con esta organización, o piso superior dispón unha serie de portasdaire con acceso a un balcón individual e outro corrido.
Apegado a un dos alzados penais sitúase un garaxe que, no piso residencial, dá lugar a unha terraza.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	O3/E-2	E_063

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro da Igrexa	**VILAMAIOR DO VAL**	**A Igrexa**	**A Igrexa**

COORDENADAS: 631106-4648005

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración que se eleva sobre unha triple plataforma cuadrangular rematada por unha grande peana de planta cadrada. Precisamente as catro caras deste prisma presentan unha serie de motivos ornamentais en altorrelevo, destacando na central unha serie de arcadas concatenadas a base arcos apuntados.
O fuste que se chanta sobre ela vén dado por unha columna de sección circular que presenta na súa cimeira un capitel troncopiramidal invertido liso.
A cruz latina que remata a lectura vertical da peza presenta sección circular e sitúa na súa cruceta unha coroa redonda formada por dous vimbios entrelazados.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	INTEGRAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.
Limpeza do cruceiro con métodos non abrasivos: cepillos de cerdas naturais, auga sen disolventes, etc…

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	POZOS	**O3/F-1**	**E_064**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Pozo artesanal	**VILAMAIOR DO VAL**	**O Vao**	**O Vao**

COORDENADAS: 631563-4648358

DESCRICIÓN:

Fonte tradicional situada no centro da aldea e que consta dun cubo de planta cuadrangular de 1,5 m. de altura aprox. situado a media altura e embutido no muro que delimita o rueiro. Construído en cantaría de granito de baixa e mediana calidade (opus incertum e vittatum respectivamente), na súa cara frontal ábrese un oco cadrado que aparece cuberto por unha peza de cantaría de grande tamaño disposta de forma alintelada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FONTES	O3/E-1	E_065

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Fonte tradicional	**VILAMAIOR DO VAL**	**O Regueiro**	**O Regueiro**

COORDENADAS: 631352-4648348

DESCRICIÓN:

Fonte tradicional situada no centro da aldea e que consta dun cubo de planta rectangular de 1,5 m. de altura aprox. situado a ras do chan e apegado aos valos que delimitan as terras de labor. Construído en cantaría de granito de boa calidade (opus quadratum), na súa cara frontal ábrese un grande oco que aparece cuberto por unha serie de pezas de cantaría de grande tamaño -dispostas de forma oblicua- que presentan o seu perímetro integramente moldurado.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FORNOS	**O3/E-1**	**E_066**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Forno tradicional	**VILAMAIOR DO VAL**	**O Pereiro**	**O Pereiro**

COORDENADAS: 631315-4648248

DESCRICIÓN:

Forno comunal construído entre medianeiras que merece ser restaurado e que ocupa un espazo central na aldea de O Pereiro. De planta poligonal, piso terreo e cuberta a dúas augas, o forno conserva os elementos propios do forno tradicional. Este constitúeo unha pequena construción circular que ten forma de bóveda no seu interior, e serve para cocer pan, empanadas, bolos preñados, etc...

De propiedade comunitaria, esta modalidade de forno é o propio das sociedades de escasos recursos. Trátase dunha construción independente feita e conservada polos veciños que era utilizado seguindo o sistema de rolda. Os seus muros foron levantados, orixinariamente, en cachotaría de granito, o que deu lugar á apertura de dous vans: a porta de acceso e un pequeno xanelo lateral.

O interior dos fornos comunais tradicionais posúen plataformas horizontais ao longo das paredes, coñecidas como tendais, onde se lle dá forma á masa. Seguidamente sitúase o forno propiamente dito, tamén chamado vaso do forno, que ocupa o largo da construción.

A estrutura constitúese por medio dunha cámara de planta circular, a capela -asentada sobre o lar- base de pedra construída de lousas ben traballadas, con teito abovedado onde se acende o lume e se fai a cocedura do pan unha vez realizado o enfornado. O forno ten un oco de acceso -a boca- que en moitos casos leva na parte superior unha peza saínte de pedra coñecida co nome de chapilé, que ten por obxecto impedir o ascenso das faíscas.

O lar prolóngase cara adiante formando unha plataforma a xeito de mesa, a lareira, dotada dun burato polo que se fai caer a cinza nun depósito inferior denominado fornalleira ou borralleira.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	O3/G-4	E_067

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro de Queirugás	**QUEIRUGÁS**	**Queirugás**	**Queirugás**

COORDENADAS: 632659-4646870

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración que se eleva sobre unha plataforma cuadrangular (totalmente oculta polo asfalto) rematada por unha peana de planta cadrada e arestas parcialmente achafranadas na que podemos ler: AVE MARÍA PURÍ / SIMA. O fuste que se chanta sobre ela vén dado por unha columna de sección circular que presenta na súa cimeira un baquetón e un colariño de sección cadrada no que se labran en altorrelevo os instrumentos da paixón de Cristo. Sobre el un capitel dórico.
A cruz latina que remata a lectura vertical da peza presenta sección circular e sitúa na súa cruceta unha coroa redonda formada por dous vimbios entrelazados.
Este cruceiro foi levantado, segundo os veciños da aldea, canda o cemiterio parroquial, isto é, contra 1918.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	INTEGRAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.
Limpeza do cruceiro con métodos non abrasivos: cepillos de cerdas naturais, auga sen disolventes, etc…

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	O4/H-11	E_068

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro de San Lázaro	**VERÍN**	**San Lázaro**	**San Lázaro**

COORDENADAS: 629169-4644562

DESCRICIÓN:

Cruceiro figurado que se eleva sobre un plinto que serve de base a unha columna abalaustrada labrada en granito. O fuste que se chanta sobre ela vén dado por unha columna de sección circular que presenta na súa cimeira un baquetón e un colariño tamén circular que serve de peana a unha figura da Virxe co seu fillo morto en brazos.
A cruz latina que enmarca a escena presenta sección cadrada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	O3/D-13	E_069

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro no cruce de Vilardevós	**CABREIROÁ**	**O Lavadoiro**	**O Lavadoiro; OU-1009**

COORDENADAS: 630583-4642510

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración que se eleva sobre unha plataforma cuadrangular rematada por unha peana de planta cadrada. O fuste que se chanta sobre ela vén dado por unha columna de sección cadrada que presenta na súa cimeira un capitel dórico.
A cruz latina que remata a lectura vertical da peza presenta sección cadrada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución da marquesiña actual, instalando outra que harmonice esteticamente co cruceiro.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FONTES	O4/E-10	E_070

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Fonte bebedoiro	**PAZOS**	**Pazos**	**Pazos**

COORDENADAS: 628305-4644877

DESCRICIÓN:

Fonte tradicional situada no centro da aldea e que consta dun cubo de planta rectangular de 0,5 m. de altura aproximadamente e apegado ao muro que delimita o rueiro. Construído en cantaría de granito de boa calidade (opus quadratum); na súa cara frontal sitúase un hastial de cantaría de grande tamaño ben dimensionado que acolle o cano.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	NORIAS	O3/E-34	E_071

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Noria da Diestra	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**Feces de Abaixo**

COORDENADAS: 631501-4631806

DESCRICIÓN:

Situada orixinariamente en Mandín e trasladada con motivo da construción da nova autovía a Portugal, a Noria da Diestra é, tecnicamente, unha máquina utilizada para a elevación de auga, normalmente accionada por tracción animal.
A noria de sangue de Feces de Abaixo estaba composta por tres rodas; unha rueda motriz ou roda de aire horizontal que engrana coa roda de puntería vertical que, á súa vez, move un eixe ao que vai ensamblada a roda de auga que arrastra os caixarolos que recollen a auga.
As norias de sangue funcionaban con tracción animal. Con frecuencia eran tiradas por un asno ou unha mula e empregábase para sacar auga de pozos profundos. As cordas da antiga noria de Mandín descen a un pozo duns 4,50 metros de fondura e verten a auga nunha artesa situada a uns 3,50 metros do nivel do chan, lo que permite conducir o líquido por gravedade a maior distancia.
A máxima expansión deste tipo de dispositivo etnográfico tivo lugar no s. XVIII, fundamentalmente no S da península.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	ADEGAS	O3/F-9	E_072

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de adegas	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Rúa do Curro**

COORDENADAS: 632021-4644351

DESCRICIÓN:

As construcións que serven para a elaboración do viño son o lagar e a adega. As adegas poden albergar o lagar que tamén pode estar instalado nun lapendre, pero sempre preto ou a carón da adega e nun espazo ben amplo.
A tipoloxía das adegas tradicionais da comarca de Verín correspóndese con construcións de planta rectangular ou cuadrangular localizadas de forma agrupada dentro do núcleo tradicional. Presentan piso terreo e grosos muros que permiten manter a frescura no seu interior. Contan con pequenos vans ou ningún, coa salvedade da porta de acceso e gorécense baixo cubertas a dúas augas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CASETA DAS VIÑAS	02/B-3	E_073

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Caseta das Viñas	**CABREIROÁ**	**Cabreiroá**	**O Telleiro**

COORDENADAS: 631491-4643338

DESCRICIÓN:

Caseta arruinada de planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta desaparecida a catro augas que foi levantada para facilitar a vixiancia visual das grandes plantacións de viña da comarca. Levantadas en cantaría de boa calidade (opus quadratum) mercede ao estatus dos seus promotores e propietarios, esta orixinal tipoloxía de construción adxectiva destina o seu piso terreo a adega e resgardo de apeiros de uso vitivinícola, de aí o escaso número de ocos que presenta.
O andar elevado, ao que se accede a través dunha escaleira exterior de dobre tiro protexida por unha varanda de madeira, aparece perforado por tres fiestras e unha porta de acceso nos seus catro puntos cardinais, ao obxecto de favorecer a vixiancia visual da plantación. Na fachada que mellor perspectiva ofrece da finca ábrese un balcón voado ou solaina que reforza a perspectiva visual dominante.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS: Recuperación da carpintería de madeira que pechaba os ocos de acceso e iluminación.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CASETA DAS VIÑAS	02/B-3	E_074

F 01

PLANO





DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Caseta das Viñas	**VERÍN**	**Verín**	**Camiño da Capela de San Antón**

COORDENADAS: 630904-4643650

DESCRICIÓN:

Caseta arruinada de planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta desaparecida a catro augas que foi levantada para facilitar a vixiancia visual das grandes plantacións de viña da comarca. Levantadas en cantaría de boa calidade (opus quadratum) mercede ao estatus dos seus promotores e propietarios, esta orixinal tipoloxía de construción adxectiva destina o seu piso terreo a adega e resgardo de apeiros de uso vitivinícola, de aí o escaso número de ocos que presenta.
O andar elevado, ao que se accede a través dunha escaleira interior de dobre tiro protexida por unha varanda de madeira, aparece perforado por tres fiestras e unha porta de acceso nos seus catro puntos cardinais, ao obxecto de favorecer a vixiancia visual da plantación. Na fachada que mellor perspectiva ofrece da finca ábrese un balcón voado ou solaina (na actualidade moi alterado) que reforza a perspectiva visual dominante.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Supresión das placas de formigón armado que se construíron diante da fachada principal do ben e rehabilitación integral respectando a tipoloxía e materiais orixinais.
O grao de protección fixado afectará unicamente á arquitectura orixinal da caseta.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CASETA DAS VIÑAS	02/A-5	E_075

F 01

PLANO





DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Caseta das Viñas	**MOURAZOS**	**Mourazos**	**A Caseta; Touza do Crego**

COORDENADAS: 629954-4638984

DESCRICIÓN:

Caseta arruinada de planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta desaparecida a catro augas que foi levantada para facilitar a vixiancia visual das grandes plantacións de viña da comarca. Levantadas en cachotaría enfoscada, esta orixinal tipoloxía de construción adxectiva destina o seu piso terreo a adega e resgardo de apeiros de uso vitivinícola, de aí o escaso número de ocos que presenta.

O andar elevado, ao que se accede a través dunha escaleira interior de dobre tiro protexida por unha varanda de madeira, aparece perforado por tres fiestras e unha porta de acceso nos seus catro puntos cardinais, ao obxecto de favorecer a vixiancia visual da plantación. Na fachada que mellor perspectiva ofrece da finca abríase un balcón voado ou solaina que reforza a perspectiva visual dominante.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da tipoloxía orixinal da caseta.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	MUÍÑOS	02/B-7	E_076

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño da Ribeira	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Baixo**	**A Ribeira**

COORDENADAS: 633448-4632821

DESCRICIÓN:

Muíño de rego ou canle de pequenas dimensións que se sitúa nas inmediacións do Río Pequeno, nas aforas do núcleo tradicional de Feces de Abaixo, e moi pertiño da aldea lusa de Lama de Arcos. Este exemplar -dunha única moa- en mal estado de conservación e pendente de ser restaurado e acondicionado integramente como espazo educativo e de lecer, é propiedade dun grupo de veciños do mesmo lugar.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada (desmantelada), que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conducía a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a unha única auga constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca de Monterrei pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará sair á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da tipoloxía orixinal do muíño.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	MUÍÑOS	02/A-4	E_077

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño de San Pedro e vivenda	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Muíño de San Pedro**

COORDENADAS: 628320-4641107

DESCRICIÓN:

Muíño de rego ou canle de medianas dimensións que se sitúa á beira do Río Támega, nas proximidades do concello de Oímbra. Este exemplar -dunha única moa- en mal estado de conservación e pendente de ser restaurado e acondicionado integramente como espazo educativo e de lecer, é propiedade dun grupo de veciños do mesmo lugar.
Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantaría irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca de Monterrei pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.
Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará sair á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	MUÍÑOS	O3/C-23	E_078

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño da Ribeira	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**A Ribeira**

COORDENADAS: 629974-4637172

DESCRICIÓN:

Muíño de rego ou canle de medianas dimensións que se sitúa á beira do Regueiro de Tamaguelos, nas proximidades do núcleo tradicional homónimo. Este exemplar -dunha única moa en bo estado de conservación é propiedade dun grupo de veciños do mesmo lugar.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, coberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantaría irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca de Monterrei pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará sair á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	MUÍÑOS	02/B-5	E_079

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíños do Carregal	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**O Carregal**

COORDENADAS: 630684-4637311

DESCRICIÓN:

Muíños (2) de rego ou canle de medianas dimensións que se sitúa á beira do Regueiro de Tamaguelos, nas proximidades do núcleo tradicional homónimo. Ambos exemplares -dunha única moa- en bo estado de conservación son propiedade dun grupo de veciños do mesmo lugar.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantaría irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca de Monterrei pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará sair á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CASETA DAS VIÑAS	**O4/N-11**	**E_080**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Caseta das viñas	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**A Cruz Vella; Camiño Vello**

COORDENADAS: 631200-4644520

DESCRICIÓN:

Caseta abandonada de planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas que foi levantada para facilitar a vixiancia visual das grandes plantacións de viña da comarca. Levantadas en cachotaría enfoscada, esta orixinal tipoloxía de construción adxectiva destina o seu piso terreo a adega e resgardo de apeiros de uso vitivinícola, de aí o escaso número de ocos que presenta.

O andar elevado, ao que se accede a través dunha escaleira interior de dobre tiro protexida por unha varanda de madeira, aparece perforado por tres fiestras e unha porta de acceso nos seus catro puntos cardinais, ao obxecto de favorecer a vixiancia visual da plantación. Na fachada que mellor perspectiva ofrece da finca abríase un balcón voado ou solaina que reforza a perspectiva visual dominante.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS: Recuperación da tipoloxía orixinal da caseta, suprimindo o balcón de cemento actual.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	02/B-1	E_081

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro da Portela	**VILAMAIOR DO VAL**	**Vilarmaior do Val**	**A Portela**

COORDENADAS: 631842-4647311

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración que se eleva sobre unha plataforma cuadrangular bastante deteriorada rematada por unha peana de planta cadrada. O fuste que se chanta sobre ela vén dado por unha columna de sección cilíndrica moi elevada que presenta na súa cimeira un capitel dórico.
A cruz latina que remata a lectura vertical da peza presenta sección cadrada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	INTEGRAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FONTES	O3/E-6	E_082

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
A Fonte da Rasela	**RASELA, A**	**A Rasela**	**A Fonte**

COORDENADAS: 630933-4645933

DESCRICIÓN:

Fonte tradicional situada na periferia da aldea e que consta dun cubo de planta cuadrangular de 1 m. de altura aprox. situado por baixo do nivel do chan e apegado ao muro de contención que delimita a estrada. Construída en cantaría de granito de boa calidade (opus quadratum), na súa cara frontal ábrese un oco cadrado que aparece cuberto por un hastial de cantaría ornamental de perfil curvo.
Foi restaurada no ano 2009.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	PASAIS-PONTELLAS	02/B-8	E_083

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Poldras do Melo	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**Río Pequeno; O Melo**

COORDENADAS: 632834-4631884

DESCRICIÓN:

Un total de seis poldras que permiten salvar o Río Pequeno, límite natural entre Galicia e Portugal. O poldrado atópase bastante deteriorado (acusa o desprazamento de varios dos papalelepípedos que o conforman) a causa das riadas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	MALO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

Segundo D. Bruno Rúa, que nos indicou a súa localización, noutrora había pobres portugueses que, en tempo de cheas, levaban ao lombo a bens e persoas para vadear o río neste punto.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	MUÍÑOS	**O4/H-7**	**E_084**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño da Veiga	**VERÍN**	**Verín**	**A Veiga; Vilela**

COORDENADAS: 629377-4645626

DESCRICIÓN:

Muíño de rego ou canle de medianas dimensións que se sitúa nas proximidades do Río Támega, á beira do núcleo tradicional de Vilela. Este exemplar -de tres moas- en bo estado de conservación é propiedade dun veciño do mesmo lugar que construíu a súa vivenda sobre o muíño.
Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantaría irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca de Monterrei pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.
Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará sair á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:
O grao de protección que figura nesta ficha afecta unicamente ao muíño, quedando a vivenda protexida cun grao de protección Ambiental.

ELEMENTOS A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:
Supresión dos engadidos alleos á tipoloxía orixinal do muíño.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	CAMIÑOS HISTORICOS	**I_001**

F 01 **PLANO**





DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Camiño de Santiago	**VARIAS**	**Verín**	**Verín**

DESCRICIÓN:

O coñecido como Camiño Portugués, que partía de Coimbra, chegaba a Chaves para confluír, xa na fronteira galega, co que proviña da Meseta. Á altura de Verín e do Val de Monterrei en xeral, os peregrinos confluían na Vía da Prata, nome que recibe este único camiño que nos leva de Ourense a Compostela. Sobre a base do trazado dos camiños romanos e medievais vaise fundar así toda unha arte -o románico- os símbolos e advocacións santiagueiras, alberguerías e hospitais, ordes de cabalería (templarios...), etc...
Entre as rotas do Val contamos as dúas que percorrían ambas beiras do Támega. A da marxe dereita avanzaba por Mandín, Tamaguelos, Mourazos, Tamagos, Queizás, Verín e Monterrei. De aquí saían dúas: a que se unía coa da Limia en Vilaza e a que seguía o camiño do Val cara Laza pasando pola Pousa, Mixós, Tintores, Verín, Nocedo, Arcucelos, A Retorta e Matamá. Esta antiga rota, que se superpón á antiga vía romana do Támega, púidose ver complementada por outra que evitase a portaxe de Verín.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	EUROPEO	AMBIENTAL	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

VARIAS

OBSERVACIÓNS:

A Lei 3/96, do 10 de maio (DOG do 23 de maio), de protección dos Camiños de Santiago dítase para a delimitación, conservación e uso dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia: o francés, o portugués ou Ruta da Prata , o do norte, o de Fisterra, o inglés, e a ruta do mar de Arousa e Ulla. Defínese unha franxa de protección de tres metros (ver plano monográfico a escala 1:5000) a ambos lados deste camiño e un contorno de trinta metros en cumprimento do art. 16 da devandita lei 3/1996. Calquera actuación urbanística que se pretenda realizar dentro deste contorno deberá ser informada, de maneira previa e vinculante, pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
A traza deste camiño ao seu paso polo termo municipal de Verín é provisional, quedando a expensas da súa delimitación definitiva por parte da Xunta de Galicia.
En relación ao Camiño de Santiago será de obrigado cumprimento o que establece o art. 9, apdo 10.4 da Normativa do Catálogo do PXOM.
A serie de planos a escala 1:5000 é a que contén o trazado e a delimitación provisional das zonas de protección do camiño.

ELEMENTOS A PROTEXER

ARBORADO E VEXETACIÓN AUTÓCTONA
MUROS DE PECHE TRADICIONAIS
ARQUITECTURA TRADICIONAL

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza periódica do contorno inmediato do camiño.
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Derrubo de muros tradicionais	Dotación de novas especies arbóreas
Derrubo da arquitectura tradicional	

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**O3/J-28**	**I_002**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Pontella tradicional	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**Feces de Cima;**

COORDENADAS: 634397-4634781

DESCRICIÓN:

Pontella tradicional de rasante chan que atravesa o Río de Feces ou Río Pequeno nas proximidades da aldea de Feces de Cima. Duns 6 m de longo por 2 m. de ancho, a pontella dispón dun único piar central rematado nun tallamar que se levanta no centro do cauce.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza integral do contorno a fin de favorecer a visualización desta infraestrutura histórica.
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	O3/E-37	I_003

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte Internacional	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**Feces de Abaixo**

COORDENADAS: 631175-4630196

DESCRICIÓN:

Ponte de grande tamaño construída en pedra que se presenta conformada por tres arcos escarzanos (o maior duns 10 m de luz) e atravesa o Río de Feces ou Río Pequeno. Integramente levantada en granito da modalidade de opus quadratum, a ponte conta cun peitoril a ambos lados da calzada. De rasante chan, a súa feitura e tipoloxía permiten datar a súa construción a finais do século XIX, primeiros do s. XX.
Segundo Barros Sivélo (1875) as cimentacións desta ponte serían de época romana.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Barros Sivélo, R: Antigüedades de Galicia. Publicación Coruña : [s.n.], 1875 (Imp.de D.Domingo Puga).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza integral do contorno a fin de favorecer a visualización desta infraestrutura histórica.
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	02/A-4	I_004

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte sobre o río Ábedes	**CABREIROÁ**	**Cabreiroá**	**Cabreiroá; Río Ábedes**

COORDENADAS: 629699-4641441

DESCRICIÓN:

Ponte de pequeno tamaño construída en pedra que se presenta conformada por tres arcos escarzanos isódomos de 1,5 m de luz. Integramente levantada en granito da modalidade de opus quadratum, a ponte conta cun peitoril a ambos lados da calzada. De rasante chan, a súa feitura e tipoloxía permiten datar a súa construción a primeiros do s. XX.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza integral do contorno a fin de favorecer a visualización desta infraestrutura histórica.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**O3/D-14**	**I_005**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte sobre o río Ábedes	**CABREIROÁ**	**Cabreiroá**	**Cabreiroá**

COORDENADAS: 630172-4642006

DESCRICIÓN:

Pontella tradicional de rasante chan que atravesa o Río Ábedes nas proximidades da aldea de Cabreiroá. Duns 5 m de longo por 1,5 m. de ancho, o taboleiro -labrado en madeira- apóiase en dous estribos afrontados que se levantan en pedra, conformada a base de cachotaría caroada.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza integral do contorno a fin de favorecer a visualización desta infraestrutura histórica.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**O4/N-8**	**I_006**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte do Regueiro	**RASELA, A**		**Regueiro de Queirugás; río de Marbán**

COORDENADAS: 631361-4645373

DESCRICIÓN:

Ponte de mediano tamaño construída en pedra que se presenta conformada por un taboleiro desenvolvido que se apoia nunha serie de piares isódomos (con tallamares redondeados) levantados sobre zapatas e separados entre si 1,5 m. Integramente levantada en granito da modalidade de opus quadratum, a ponte conta cun peitoril a ambos lados da calzada. De rasante chan, a súa feitura e tipoloxía permiten datar a súa construción entre os séculos XVIII e XIX.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza integral do contorno a fin de favorecer a visualización desta infraestrutura histórica.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**O4/L-8**	**I_007**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte tradicional	**RASELA, A**	**A Rasela**	**A Rasela; Río de Marbán**

COORDENADAS: 630680-4645359

DESCRICIÓN:

Ponte sobre o Río de Marbán que se configura a través dun único arco de medio punto proxectado levantado en perpiaño granítico de boa calidade (opus quadratum). O seu arco ten unha luz aproximada de 5 m. e o seu taboleiro unha lonxitude total duns 10 m. O seu perfil é chan e presenta un peitoril lonxitudinal a ambos lados do lombo para protexer o paso de persoas e carros.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza integral do contorno a fin de favorecer a visualización desta infraestrutura histórica.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	O4/H-11	I_008

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte sobre o Támega	**VERÍN**	**Verín**	**Vila de Verín; Barrio de San Lázaro**

COORDENADAS: 629330-4644565

DESCRICIÓN:

Ponte de grande tamaño construída en pedra que se presenta conformada por cinco arcos escarzanos rebaixado isódomos (o maior duns 8 m de luz) que atravesa o Río Támega. Integramente levantada en granito da modalidade de opus quadratum, a ponte conta cunha moderna varanda de forxal a ambos lados da calzada. De rasante chan, o Diccionario de Madoz descríbea como "un puente de piedra labrada construido en tiempos de Felipe II y mejorado en 1793 á espensas de los duques de Alba, condes de Monterey; dicho puente con barandillas de 5 cuartas, tiene 6 arcos, 252 pies de largo y 43 de ancho".
A ponte antiga de Verín sobre o Támega tamén foi considerada de época romana por distintos autores "ou ao menos así o considerou quen deseñou o escudo heráldico do Concello" afirma Dasairas Valsa.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- DASAIRAS BALSA, X. (1999): "Crónicas Rexiomontanas", Verín: X. Dasairas / Mancomunidade de Concellos da Comarca de Monterrei.
- MADOZ, P: "Diccionario Geográfico histórico Estadístico de España y sus posesiones en Ultramar". T. XIV. Madrid. 1850

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	INDUSTRIAL	**O4/G-20**	**I_009**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cheminea industrial	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Queizás**

COORDENADAS: 629057-4642289

DESCRICIÓN:

Cheminea de planta circular duns 30 m. de altura construída en tixolo cocido que formaba parte dun vello complexo industrial (Cerámicas Monterrei) hoxe desaparecido, dedicado á fabricación de ladrillo e tella.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**O3/B-2**	**I_010**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte do río	**TINTORES**	**Tintores**	**O Río; Río Támega**

COORDENADAS: 629375-4648081

DESCRICIÓN:

Pontella tradicional de rasante chan que atravesa o Río Támega nas proximidades da aldea de Tintores. Duns 25 m de longo por 3 m. de ancho, a pontella dispón unha serie de piares graníticos -en realidade o único elemento de valor patrimonial- sobre os que se apoia un taboleiro de cemento armado de recente construción.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	MALO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ESPAZOS	CIVIL	**O4/I-10**	**S_001**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Busto a García Barbón	**VERÍN**	**Verín**	**Praza Maior**

COORDENADAS: 629591-4644675

DESCRICIÓN:

Localízase na Praza Maior da vila, contigua á Praza García Barbón. Natural de Verín, Xosé García-Barbón Sola foi fundador do colexio de San Xosé, ao que dotou dos elementos pedagóxicos máis modernos da época.
Trátase dun monumento sinxelo que consta dun pedestal de dous chanzos labrado en granito que serve de peana a un piar de sección troncopiramidal no que se incrusta unha placa de bronce co relevo dun nenor estudando. Sobre ela unha inscrición conmemorativa do ano 1931, ano no que se instalou o monumento. No cumio o busto do filántropo, tamén realizado en bronce.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público acorde coa entidade do ben.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	**O3/E-37**	**X_001**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento romano O Seixal	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**Feces de Abaixo; O Seixal**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	630895-4630363	**GA32085001**

DESCRICIÓN:

Xacemento de forma ovalada que ocupa uns 61.307 metros cadrados de superficie.
En superficie, na zona de viñedo, atópanse escasos restos de tégula, mais na prospección realizada en 1993 atopáronse tamén fragmentos de tixolo. Tamén hai materiais no muro que, de forma parcial, limita o camiño de xabre que percorre o perímetro do xacemento. Cabe supoñer, xa que logo, que se trata dun asentamento romano de chaira.
Os veciños din que neste lugar estaba situado o pobo antes de mudarse á situación actual. Aseguran que tivo que ser abandonado por unha invasión de formigas que comían aos nenos. Tamén sosteñen que en O Seixal hai dous carros enterrados, un de ouro e outro de peste. Se atopas o de ouro faste rico, pero se atopas o de peste morren todos.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Morchón Viñas, J. (2008): Estudio histórico de la Vía de la Plata. Tramo Feces de Abaixo-Cabreiroá (Verín, Ourense).
- Taboada Chivite, X: Los tamagani y su romanización. XI CNA de Mérida. 1968; Zaragoza. 1970. (pax. 678).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-7	X_002

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento romano de O Telleiro	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**Feces de Abaixo**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	632093-4632280	**GA32085002**

DESCRICIÓN:

Xacemento de forma indeterminada que se localiza na cabeceira dun regato que flúe en sentido NE-SW e que algúns veciños identifican como Regato da Lama.
En superficie non atopamos ningún resto cerámico nin evidencia algunha de estruturas produtivas ou residenciais de orixe romano, agás unha balsa de auga ou lagoa de orixe antrópica e filiación indeterminada. Na prospección realizada en 1991 foron identificados abondosos restos cerámicos (tégulas, tixolos, anacos de cerámica común romana, algún fragmento de sigillata) que cabería adscribir a un asentamento romano de chaira.
Os veciños aseguran que neste lugar se extraeu barro ata o ano 1936 aproximadamente para a construción de casas tradicionais, o que deu lugar á balsa de auga actual que se sitúa na cabeceira do regato que citamos máis arriba. Esta barreira podería ter sido utilizada tamén en época romana.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	BO	MIXTA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:	Plano Ordenación (Folla):
RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA	Único

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Taboada Chivite, X: Los tamagani y su romanización. XI CNA de Mérida. 1968; Zaragoza. 1970. (pax. 678).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-7	X_003

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento romano de Moreiroá	**MANDÍN**	**Mandín**	**Mandín**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	632723-4634010	**GA32085003**

DESCRICIÓN:

Xacemento de forma indeterminada que se localiza nunha zona chan onde sobresae lixeiramente un lombo parcialmente arborado con bo dominio visual sobre o contorno. Orientado ao SW, o que lle confire unha excelente insolación, as medidas do ámbito no que se concentran os materiais son, aproximadamente 250 m (eixe E-W) x 200 m (eixe N-S), o que supón unhas dimensións en planta duns 38.000 m2.

En superficie (tanto na zona elevada como na plataforma inferior) atopamos abondosos restos cerámicos de orixe romana, mais non restos de estruturas produtivas ou residenciais. Trátase dun asentamento romano de chaira tipo "villa" bastante extenso, se temos en conta a dispersión de materiais. Presenta unha grande concentración de tégula, tixolos de 5 e 10 cm de grosor e cerámica en varias fincas -algunha delas arada recentemente- dedicadas a viñedo.

No núcleo de Mandín hai varios veciños que posúen materiais procedentes deste xacemento: cinco basas de columna granítica, con toro, escocia e parte do fuste; varios muíños circulares, un muíño barquiforme de man; unha tégula completa; un fragmento de pavimento tipo "opus signinus".

Outro veciño garda na súa vivenda dous fragmentos de fuste de columna granítica, unha delas ten as seguintes medidas: 2,20 de lonxitude; 28 cm de diámetro na base; 25 cm de diámetro na parte superior.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-6	X_004

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
O Pondón / As Pedreiras	**MANDÍN**	**Mandín**	**Mandín**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	632265-4634843	**GA32085004**

DESCRICIÓN:

Xacemento localizado nun outeiro localizado nun contorno de labradío e monte a 510 msnm.
Trátase dun xacemento que é obxecto de numerosas lendas de mouros. O afloramento granítico que se localiza ao NW de O Pondón recibe o nome de A Pedreira por mor dunha visible acumulación de pedras que ten lugar nese lugar.
Na cimeira de O Pondón, ademais doutro batolito moi visible, acumúlase moita cachotaría granítica que, ao parecer, proceden do derrube dunha muralla. Esta é moi visible polo N, S e E, mais non se puido constatar a súa continuidade nin forma exacta polo W, polo que moi probablemente estamos diante dun castro, aínda que tampouco cabe descartar de forma categórica a posibilidade dunha reocupación medieval como asentamento defensivo.
O outeiro domina todo o val do Támega e outros castelos defensivos aínda en pé en terras portuguesas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Morchón Viñas, J. (2008): Estudo histórico de la Vía de la Plata. Tramo Feces de Abaixo-Cabreiroá (Verín, Ourense).
- Taboada Chivite, X: Los tamagani y su romanización. XI CNA de Mérida. 1968; Zaragoza. 1970. (pax. 678).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	02/B-6	X_005

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Alto do Circo	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**Alto do Circo**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Castrexo	633199-4635412	**GA32085005**

DESCRICIÓN:

Xacemento localizado a 618 msnm, nun outeiro prominente situado nun contorno de monte baixo e piñeiros.
O outeiro leva o nome de Alto do Circo pola muralla de forma circular que rodea o outeiro. Non coñecemos outros restos visibles. Segundo os veciños, antes da execución dos cortalumes, no cumio do monte había unha peneda con ferraduras gravadas que hoxe xa non existe.
O xacemento foi danado en distintas ocasións por mor da realización de cortalumes ou devesas utilizando medios mecánicos, así como doutras actividades forestais, sempre sen ningún tipo de control arqueolóxico.
En opinión de Xulio Carballo Arceo, poderíamos estar diante dun recinto defensivo altomedieval que fose utilizado en tempos de crise e perigo como lugar de refuxio temporal, tal e como acontece en xacementos como o do Alto do Lousado (no límite dos concellos de Tomiño e Oia) o Castro Valente (no límite dos concellos da Estrada e Padrón) ou o Coto das Cercas (Nespereira; Pazos de Borbén), entre outros; tamén o Monte Aloia (Tui) presenta características semellantes. A grande distancia existente entre este lugar e as terras produtivas de natureza agraria, así o indicarían.
Na aldea de Mandín recollimos a lenda segundo a que no Alto do Circo había unha caldeira de ouro e outro de veleno. Tamén que aquí os mouros adestraban aos cabalos e que tiñan aparecido restos de espadas. Por último en Feces de Cima os veciños aseguran que a xente que habitaba o castro de O Sobrañal acudía á feira ao Alto do Circo.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	MALO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Rodríguez Colmenero, A. (1977): Galicia Meridional Romana. Universidad de Deusto.
- Taboada Chivite, X (1955): Carta arqueológica de la comarca de Verín. III Congreso Nacional de Arqueología (Galicia 1953). Zaragoza.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	O3/J-27	X_007

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
As Quintas	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**Feces de Cima**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	634514-4635516	**GA32085007**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado a 480 msnm, ao N da aldea, concretamente la ladeira un outeiro situado nun contorno de labradío e monte baixo.
Trátase dun asentamento tipoloxicamente indeterminado que cabería adscribir a época romana. A prospección realizada en 1991 –a diferenza da que realizamos nós- permitiu dar con fragmentos de tégula e tixolo, malia que a abondosa vexetación a base de monte baixo non permitiu realizar unha exploración minuciosa. Con todo os veciños aseguraron entón que afloraban gran cantidade de materiais. Atopouse tamén unha especie de cista rectangular, de pequenas dimensións, formada por pedras fincadas que presenta unhas dimensións de 32 x 27 cm.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RUSTICO PROTECCIÓN FORESTAL

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	02/C-6	X_008

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castro do Sobrañal	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**Feces de Cima**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Castrexo	634887-4636025	**GA32085008**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado a 535 msnm, xunto nun outeiro situado nun contorno forestal a base de vexetación arbustiva moi tupida, o que impide seguir a liña de muralla na súa totalidade. Trátase dun asentamento castrexo emprazado entre dous regatos que permite visualizar, ao lonxe, dúas murallas circulares.
En 1991 nel foron atopados fragmentos de tégula e tixolo, así como restos de muralla, de aí que poidamos estar diante dun castro romanizado. Na cimeira do xacemento, así como na ladeira, hai algunha cova, aínda que poidera tratarse de extracción ou sondaxe de mineral, dada a proximidade dunhas minas de estaño contemporáneas que existen nas proximidades, coñecidas co nome de Minas do Veado e Minas do Seixo, ambas de estaño e wolframio que foron explotadas no s. XX.
Xa que logo poderíamos estar diante dun castro mineiro, hipótese reforzada pola elevada concentración de asentamentos castrexos no contorno: Castro Grande (a 1.400 m ao NE) e Castro Pequeno (1.100 m ao NE).

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Os veciños de Feces de Cima din que os mouros ían desde este castro á feira ao Castro do Circo (GA32085005), que se localiza preto deste lugar. Tamén aseguran que apareceu moita tella e "coitelos longos de ferro que eran dos mouros".
Bibliografía: Nieves Amado Rolán, Cristina Varela Barrios e Isabel González Vázquez. 1993 (inédito).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	02/C-6	X_009

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castro Pequeno	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**Feces de Cima; Vilarello da Cota**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Castrexo	635974-4636326	**GA32085009**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado no límite dos municipios de Verín e Vilardevós que se localiza a 584 msnm, a uns 300 m ao SW do asentamento codificado coa clave GA32085010. O castro, perfectamente delimitado e visible desde o aire, presenta unhas dimensións de 380 m no eixo N-S e 295 m. no E-W. Posúe 5,68 ha na croa e 15,13 ha se incluímos na medición o espazo que se sitúa dentro do primeiro parapeto.
Así, resulta facilmente visible no terreo a primeira liña de muralla, de forma oval e adaptada á forma natural do emprazamento. Precedido dun foxo, ao igual que o primeiro dos sistemas defensivos, o segundo parapeto presenta xa unha forma de tendencia claramente circular. O acceso actual realízase polo W, se ben tamén conta con accesos claros desde o SW e, en menor medida polo NE.
O xacemento sitúase no outeiro SW dunha dorsal montañosa perfectamente delimitada polos regatos coñecidos como Do Souto e De Feces, que transitan -até confluír- en sentido NESW, fornecéndolle unhas óptimas condicións defensivas de carácter natural.
Trátase dun castro romanizado no que afloran tramos de muralla. Foron atopados anacos de tégula.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- De la Peña Santos, A., Reboreda Carreira, A. (2006): Prospección arqueolóxica do concello de Vilardevós (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	02/C-6	X_010

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castro Grande	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**Feces de Cima; Vilarello da Cota**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Castrexo	636238-4636487	**GA32085010**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado no límite dos municipios de Verín e Vilardevós que se localiza a 638 msnm, a uns 300 m. ao NW do asentamento codificado coa clave GA32085009. O xacemento sitúase no outeiro SW dunha dorsal montañosa perfectamente delimitada polos regatos coñecidos como Do Souto e De Feces, que transitan -até confluír- en sentido NE-SW, fornecéndolle unhas óptimas condicións defensivas de carácter natural.

O castro conta cunha extensión de 2,03 ha no recinto principal dos que 4.500 m2 corresponden a un recente desterre -posiblemente ilegal- realizado no SE para realizar unha plantación de vide. O parapeto máis exterior presenta forma oval e unha dimensión de 1 km aproximadamente, mentres que o que delimita o recinto de habitación opta -ao igual que o castro situado ao SW- por unha morfoloxía cuase circular duns 540 m. de lonxitude.

As dimensións do recinto principal son 165 m. no eixo N-S e 115 m no E-W. O antecastro que se sitúa entre dúas liñas de muralla, situado ao E, presenta unha forma triangular e uns 2750 m2 de superficie, o que fai pensar neste lugar como ubicación do acceso principal. Os flancos N, S e W posúen mellores defensas naturais, de aí que presenten uns parapetos menores.

Non foron atopados materiais.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- De la Peña Santos, A., Reboreda Carreira, A. (2006): Prospección arqueolóxica do concello de Vilardevós (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	02/B-6	X_011

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Outeiro da Cruz	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**Tamaguelos; Oimbra**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Castrexo	630426-4635404	**GA32085011**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado no límite dos municipios de Verín e Oimbra nun coto que acada os 468 msnm. O seu contorno está dedicado a viñedo e, principalmente, a monte baixo.
Na ladeira SE do outeiro é onde mellor se aprecian os taludes da muralla e o foxo. Non foi posible visualizar restos doutro tipo a causa da espesura da vexetación. No sector NE (ver fotografías adxuntas) é onde mellor se percibe a sucesión de aterrazamentos en forma de parapeto, podendo distinguir ata un total de cinco estruturas defensivas.
Estamos diante dun castro de forma lixeiramente ovalada con dúas liñas de muralla. A segunda delas, polo E, aparece rematada por un foxo, mais non abrangue todo o perímetro do outeiro. O asentamento tería lugar ao longo de dúas plataformas de dimensións e altura disímiles, unha delas (a máis exterior) situada entre os dous parapetos, e outra (a máis interior) localizada entre o outeiro e o parapeto de diámetro menor.
Na depresión que precede ao recinto principal (457 msnm, ao SE da croa) foron atopados fragmentos de tégula.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-6	X_012

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de As Lamas / San Salvador	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**Tamaguelos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	630120-4635460	**GA32085012**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado na ladeira NW do castro do Outeiro da Cruz, nun contorno de viñedo e monte baixo.
Trátase dun asentamento tipo "villa". Segundo un dos propietarios das fincas, o Sr. Antonio O Portugués, traballando na súa leira atopou dous depósitos, un deles rectangular, escavado na rocha e o outro de forma ovalada, con enlucido. Tamén apareceu unha fosa, a modo de sepultura, que conservaba unha moeda e unha caveira. Esta, ao parecer, desfíxose ao intentar collela.
No contexto da prospección realizada en 1991, en todas as propiedades apareceu unha forte concentración de tégulas, láter de forma cadrada de 10 cm de grosor e algúns anacos de cerámica común romana.
No mesmo lugar atopáronse tamén fragmentos de cerámica medieval. Os veciños aseguran que no lugar houbo unha capela dedicada a San Salvador. É posible, xa que logo, que a capela e a sepultura fosen medievais.
Na prospección realizada por nós non foron atopados materiais, nin nas parcelas dedicadas a viña, nin nas que están xa sen cultivar.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	O3/C-23	X_014

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Casares	**MOURAZOS**	**Mourazos**	**Casares**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629967-4637325	**GA32085014**

DESCRICIÓN:

Trátase dunha chaira na que o cultivo predominante é o viñedo, polo que os labores de labradío tradicional, fundamentalmente, serían as que terían alterado o xacemento (quizais un asentamento tipo villa) de forma máis relevante nos últimos séculos.
Neste lugar, situado de forma estratéxica á beira do Regueiro de Casares, que circula polo S do ámbito, existe unha elevada concentración de tégulas, tixolos, ímbrices e cerámica común romana.
Neste lugar, segundo o testemuño dos veciños, "ao traballar as fincas sacábanse moitas pedras pequenas, tixolos e anacos de potes".
O ámbito grafado cunha protección integral inclúe as terras nas que apareceron restos romanos, segundo Bruno Rúa, que nos levou ao lugar; a zona de respecto abrangue todos os terreos que reciben o nome de Casares. Na ortofoto non se ven as pistas da parcelaria, realizada recentemente.
O avó de Concepción Rivero contaba que alí había un "pueblo", e que foi abandonado por unha invasión de formigas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Morchón Viñas, J. (2008) Estudo histórico de la Vía de la Plata. Tramo Feces de Abaixo-Cabreiroá (Verín, Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	**02/B-5**	**X_015**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento das Muradellas	**MOURAZOS**	**Mourazos**	**As Muradellas**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	630186-4638831	**GA32085015**

DESCRICIÓN:

Xacemento escavado por Taboada Chivite situado a uns 680 m ao NE da aldea de Mourazos, nun contorno dedicado a poula, viñedo e monte de repoboación (piñeiros). Aquí atopáronse fragmentos de recipientes cerámicos, tégulas, tixolos, obxectos de ferro e de chumbo, muíños de man, fragmentos de columnas e un tintinnaabulum de bronce. Con todo o achado máis destacado é unha imaxe escultórica de Dionisos (acéfalo) e Ampelos (depositada no MAPOu) que forma parte dunha escultura labrada sobre pedra caliza. Este conxunto escultórico foi atopado polo propietario do terreo, Vicente Torres, mentres facía gabias para as viñas, quen decidiu cedelo ao MAPOu.
Trátase dunha vila rústica romana que quizais continuou a romanización dun castro anterior ata época tardía, tal e como apuntara o propio Taboada Chivite (1969:206). En vista da súa tipoloxía e patrón de localización, quizais esteamos diante do que R. Hinsley (1989) denominou "vila compounds" (literalmente “vilas compostas”) en alusión á súa diversa funcionalidade: ocio e descanso, produción agro-gandeira, etc...
O topónimo A Muradella, que se localiza a 860 m ao W do Outeiro do Pendón (542 msnm), alude aos restos dunha construción residencial de época romana da que hoxe somentes subsiste un dobre talude, cada un deles de entre 1 e 1,5 m de altura, cunha lonxitude duns 220 m (eixe N-S) por 175 m (eixe E-W), e unhas dimensións totais aproximadas de 35921 ha.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Taboada Chivite, X (1969): Excavaciones en la Murádella. N.A.H. vols X-XI-XII. (1966-1968). Madrid.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	O3/B-17	X_016

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento do Ladrillal	**ÁBEDES**	**Tamagos**	**O Ladrillal**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629191-4640592	**GA32085016**

DESCRICIÓN:

Trátase do mesmo lugar ao que fan referencia Taboada Chivite e Rodríguez Colmenero por terse atopado alí restos dunha cañería romana. Anque eles o sitúan en Cabreiroá, o xacemento de O Ladrillal é un asentamento romano de chaira localizado en Tamagos, xusto á beira da N-532 Verín-Chaves.
En superficie apareceron, nuns 100 m á redonda, abundantísimos restos de tixolos, tégula e cerámica común romana, así como dous fragmentos de sigillata e outro de prato de engobe vermello pompeiano.
A día de hoxe a maior concentración atópase arredor dunha torreta eléctrica localizada máis abaixo da ponte de Cabreiroá, xusto no centro do xacemento. Esta acumulación de material explícase pola actividade agraria na zona, que tende a amorear estes restos para facilitar os traballos agrícolas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Taboada Chivite, X. 1953: "Carta arqueológica de la comarca de Verín", III Congreso Nacional de Arqueología.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/A-4	X_017

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento do Muíño de San Pedro	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Queizás; Oimbra**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	628198-4640879	**GA32085017**

DESCRICIÓN:

Trátase dun asentamento emprazado na ladeira dun outeiro, nun terreo dedicado a viñedo situado nun contorno de poula. A prospección realizada en 1991 permitiu atopar abondosos fragmentos de tégula, tixolos de 5 cm de grosor e anacos de cerámica común romana. Naquela altura, nunha edificación en ruínas, no mesmo lugar, conservábanse un fuste de columna de 1, 6 m de altura, 23 cm de base, e unha peana troncocónica situada a 30 cm da cabeceira que presentaba 34 cm de lonxitude. Hoxe en día, na primavera de 2011, nada queda destes restos, agás algúns anacos dispersos de tégula.
Segundo referencias dos veciños neste lugar tamén existiu unha capela dedicada a San Pedro, da que non atopamos resto algún. A imaxe do santo foi trasladada, ao parecer, á igrexa parroquial de Queizás. Neste sentido na parede dunha casa tradicional aparece reaproveitado un pequeno óculo circular abucinado labrado en granito dunha soa peza que puido pertencer a esta capela.
O xacemento atópase dividido entre os termos municipais de Oímbra e Verín.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	**O4/G-21**	**X_018**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Queizás / A Quinta	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Queizás; A Quinta**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	628806-4642135	**GA32085018**

DESCRICIÓN:

Nos terreos que ocupa a horta da Casa Reitoral, a igrexa parroquial de San Pedro e o cemiterio atopáronse distintos vestixios romanos: unha ara epigrafiada embutida na parede N do templo; o fóculus de outra ara; e un lintel decorado en altorrelevo en forma de espiña de peixe. Ademais atopáronse anacos de tégula e de cerámica común romana.
A maiores o contorno da igrexa parroquial, de indubidable orixe románica, pode acoller unha necrópole medieval, de aí que, necesariamente, haxa que ten en conta esta cautela no momento de levar a cabo calquera tipo de obra que implique a remoción de terras nese ámbito.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	PARROQUIAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	O4/I-10	X_020

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Vila histórica de Verín e barrio de San Lázaro	**VERÍN**	**Verín**	**Verín; San Lázaro**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629628-4644700	**GA32085020**

DESCRICIÓN:

A vila de Verín emprázase en pleno val de Monterrei, na cabeceira do río Támega. Antigamente era este territorio do pobo prerromano dos Tamagani, cuxo castro principal posiblemente se empraza no propio monte do Castelo de Monterrei. Sería coa romanización cando no actual emprazamento da vila se estableceu, nas beiras do río, un pequeno vicus cuxa importancia iría en aumento aproveitando o tránsito mercantil polas vías secundarias, e incluso terciarias, que atravesaban o val neste sector NW do convento bracaraugustano, partindo da vía XVII por Aquae Flaviae (Chaves), como núcleo principal da zona, e enlazando coa vía XVIII polo W cara Xinzo de Limia (e deste cara Ourense, Iria e Lugo, ou coa XIX e XX polo E cara Astúrica Augusta. Tamén a presenza de estaño nas próximas montañas do N, e os mananciais termais ao S, farían do vello Verín un lugar ideal aos intereses económicos e do modo de vida romanos. Conformaríase así unha aglomeración secundaria das máis representativas de Galicia, de tamaño mediano e xogando un rol intermedio entre os núcleos rurais e as cidade. Os cambios no estatuto xurídico dos principais núcleos de poboación no proceso de municipalización de época flavia, a finais do s.I d.C., poderían ter favorecido a Verín como centro comarcal e administrativo.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	MIXTA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MURALLAS	**O4/H-11**	**X_021**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muralla de Verín	**VERÍN**	**Verín**	**Rúa Elle**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Moderno	629358-4644480	**GA32085021**

DESCRICIÓN:

No solar nº 14 da rúa Elle consérvase, non só un baluarte, "senón tamén os restos dun torreón, ambos reflexo de dous sistemas defensivos que responden a planteamentos totalmente distintos e que, á súa vez, son un dos escasos restos materiais que se manteñen en pé da fortificación de Verín, un sistema defensivo fechado en época moderna" (Blanco Rotea et ali; 2008).

Segundo os mesmos autores, é posible afirmar "a existencia en Verín dun sistema defensivo en época medieval". Os seus restos, anque escasos, "son significativos: un torreón, parte do alzado doutro torreón. Se poñemos en relación a localización destes elementos, a conservación de dous eixes principais da vila (NNW-SSE e NE-SW) no seu urbanismo actual e a forma amendoada do que parece o seu recinto urbano primixenio coa planta lixeiramente circular do seu posterior abaluartamento, poderíamos chegar á conclusión de que a forma da súa planta abaluartada respondeu non só á propia topografía da vila, senón tamén á persistencia doutros elementos anteriores.

Torre e muralla eran os elementos principais da fortificación medieval", mais a día de hoxe carecemos de datos que nos permitan afirmar que a muralla contaba con torreóns. Os mesmos estudosos sosteñen que "todo apunta a que en Verín existisen unha serie de torreóns localizados estratéxicamente en lugares de acceso á vila e, quizais, algunha trincheira, anque posiblemente éstas fosen posteriores aos torreóns, unha defensa escasa para os novos tempos que se achegaban, sobre todo unha vez iniciada a guerra con Portugal no ano 1640."

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	MIXTA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Blanco Rotea, R: Memoria da escavación na rúa Elle nº 14. Santiago de Compostela. 2005
- Dasairas Balsa, X: Crónicas rexiomontanas. O territorio e a historia na comarca de Monterrei. Vigo (?). 1999
- Taboada Chivite, X: Verín y sus murallas. Boletín da CPMHAO. T XVII; pax 69. Ourense. 1951

ELEMENTOS A PROTEXER

INSCRICIÓNS

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	02/B-4	X_022

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castro da Baixada de San Xosé	**CABREIROÁ**	**Cabreiroá**	**Cabreiroá**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Castrexo	632303-4642047	**GA32085022**

DESCRICIÓN:

O xacemento localízase nunha grande cubeta refundida na ladeira dun monte entre rochedos que lle proporcionan unhas extraordinarias defensas naturais. O reduto é unha obra enteiramente natural, que só esixe a construción de defensas antrópicas nun dos seus catro flancos, o SW. Ao N, o cavorco polo que transcorre o regato -coñecido co revelador nome de Pozo do Demo-, impide o acceso; ao N e E aparece defendido por un entremural rochoso inexpugnable. Ao W por unha vertente de escarpe rápido. En contraste o S, de máis feble protección natural, debía ser obxecto de particular atención defensiva. Desde o alto do lenzo W existe un amplo dominio visual da subida do val.
Ao E do xacemento ábrese unha extensa braña regada polo Regato das Quintas que ofrece unhas óptimas condicións agrarias.
Pola ladeira W ascende un camiño antigo e na cimeira hai unha porta de entrada ao castro, cortado a pico nun gran penedo.
As dimensións do xacemento, que adopta unha marcada forma elíptica, presenta un marcado desenvolvemento en sentido SW-NE que alcanza os 265 m. Pola contra, a anchura máxima non supera os 70 m. As dúas depresións localizadas entre os outeiros serían, xa que logo, as plataformas idóneas para localizar o asentamento.
No sector W do xacemento, na ladeira de poñente do outeiro de maior altura (572 msnm), localízanse tres grupos de petróglifos simples formados por cazoletas e muíños barquiformes.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Unha lenda recollida na zona fala dun tesouro escondido baixo unha pena encantada, a pena que soe a oco contén as moedas de ouro que está agochadas no castro.
Bibliografía: Nieves Amado Rolán, Cristina Varela Barrios e Isabel González Vázquez. 1993 (inédito).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTROS	**02/B-4**	**X_023**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Igrexa dos Mouros / Bouzadoiro	**CABREIROÁ**	**Cabreiroá**	**Balneario**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	631815-4642118	**GA32085023**

DESCRICIÓN:

Estamos diante dun asentamento de forma sensiblemente cadrada (43 x 38 m = 1700 m2), con apariencia de pequeno campamento romano, na nosa opinión, unha tipoloxía moi similar á que presenta o xacemento das Muradellas (GA32085015). Atópase nun terreo case chan no que sobresae un lombo de terra de planta case cadrada no que o cinto mural é hoxe apenas un terraplén de entre 1,5 e 2 m. de altura. Polo W corre o regato Bouzadoiro ou das Canteiras, e polo E o Regato do Val de Coellos.

Non se advirten as catro portas terminais canónicas propias dos campamentos (cardo e documano), o que descartaría esta tipoloxía. En vista da súa tipoloxía e patrón de localización, quizais esteamos diante do que R. Hinsley (1989) denominou "vila compounds" (literalmente "vilas compostas") en alusión á súa diversa funcionalidade: ocio e descanso, produción agro-gandeira, etc... Non en van, en opinión de Dasairas Valsa (1999:51) fala dunha "(vila) Capriolana", antecedente directo do topónimo Cabreiroá que podería ter dado nome á parroquia.

Do xacemento orixinal queda unha entrada na muralla N, pero puido ser aberta na década de 1980, con motivo da construción dunha cañería para o Balneario de Cabreiroá.

A construción posta ao descuberto nas escavacións realizadas por Taboada Chivite –aínda visible en 1991- asentábase no xabre e tiña paredes de dobre aparello irregular; o perpiaño aparecía asentado en seco. A anchura total da parede era de 0,65 m. Documentouse tamén unha escaleira de tres chanzos que permitía chegar ao piso na parede W. No punto medio dos dous lados maiores había dúas grandes pedras cúbicas (bases de columna?), unha presentaba un lixeiro refundimento como para asentar o fuste. O chan era plano, formado polo nivel natural granítico. Abondaban os restos de loseta de pizarra, produto dos derrubes.

A altura actual da fábrica é de 0,75 m. Os restos materiais máis representativos son os grosos tixolos "testae" utilizados como material de construción.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Taboada Chivite, X (1950): Exploraciones en los castros de Cabreiroá. C.E.G. T. V, fasc. 17.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-2	X_024

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Peneda da Moreiriña / Peneda de Santiago	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**As Moreiriñas; A Cruz Vella**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	631472-4644664	**GA32085024**

DESCRICIÓN:

Grande peneda granítica (núcleo de 9 x 6,5 m; e superficie de 4 x 3 m medidos en sentido NW-SE), hoxe moi reducida polo labor dos canteiros, que presenta unha inclinación ao E, sector no que se concentran os gravados, formando cinco insculturas de ferradura de grande tamaño cunha rama sensiblemente longa e colocadas todas en liña en dirección S. Perdeuse un dos signos (un escutiforme?), xa que a pedra foi mutilada para o seu aproveitamento. Os petróglifos teñen un diámetro que vai dos 54 aos 38 cm, presentando un suco claro e profundo (anchura de entre 13 e 9,5 cm e fondo de entre 1 e 3 cm). No sector N da aliñación de ferraduras localízase un burato de 9 cm de fondo e un diámtro de 6,5 cm.
A laxe soporte e, sobre todo, o camiño, serven para delimitar os lugares de A Cruz Vella (nome que reciben os terreos situados ao S-SW) e As Moreiriñas (nome dos terreos localizados ao N e NE). Nesta última paraxe, a 100 m ao NE da Peneda de Santiago, localízase o Petróglifo das Moreiriñas.
Os veciños aseguran que o cabalo de Santiago pegou aquí un chimpo, de aí as súas ferraduras marcadas na pedra, procedente de Cabreiroá, onde habería outros gravados semellantes.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	LOCAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Taboada Chivite,J.- (1946): Insculturas de herradura en la comarca del Támega. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense, XV, nº3. Orense, 1946.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-2	X_025

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Santa Marta	**QUEIRUGÁS**	**Queirugás**	**Santa Marta**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	633480-4645814	**GA32085025**

DESCRICIÓN:

Estamos diante dun asentamento tipo "villa" do que aínda se conservaban restos de edificación hai poucas décadas, segundo deducimos do que testemuñaron os veciños da parroquia de Queirugás a principios da década de 1990.
Na prospección realizada en 1991 atopáronse en superficie fragmentos de tégulas e anacos de cerámica común romana. Non se puido facer unha exploración a fondo debido ao tupido da vexetación (toxos, uces e silveiras).
No mesmo lugar, tamén segundo os veciños, existiu unha capela, probablemente medieval, aínda que en Queirugás venérase a San Bartolomeu, e non a Santa Marta.
Poderíase falar, xa que logo, de dous niveis de ocupación, un romano e outro medieval.
O camiño que o cruza o xacemento procedente da N-525 en dirección NE-SW recibe o nome de "O Carroucho do Atallo de Santa Marta".
Os veciños aseguran que neste lugar estaba localizado o "pueblo" de Queirugás (hoxe situado 1,25 km ao NW) antes de ser trasladado á localización actual. Don Francisco Rodríguez Losada, de 85 anos, contounos que aquí en Sta Marta estaba o antigo pueblo de Queirugás, pero que foi trasladado porque había moita formiga e lle comían os ollos ao nenos. O mesmo veciño contounos que aquí había "restos coma de caserós", pero que el nunca vira alí restos de tellas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Dasairas Valsa. X. (1999): Crónicas Rexiomontanas: Territorio e História na Comarca de Monterrei. Autoedición. Mancomunidade de concellos da comarca de Monterrei. Vigo

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	NECRÓPOLES	**02/B-2**	**X_026**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Necrópole da Carballeda	**QUEIRUGÁS**	**Queirugás**	**Queirugás**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	631999-4646490	**GA32085026**

DESCRICIÓN:

No lugar coñecido como A Carballeda, na finca que é propiedade de D. Francisco Rodríguez Losada, apareceron sete ou oito sepulcros. Segundo o propietario, que foi entrevistado polos prospectores en 1991 e 2011, os sepulcros estaban feitos de tixolo macizo, e a tapadeira estaba realizada por laxas de pizarra, sen outro tipo de materiais asociados ás tumbas. As sepulturas quedaron ao descuberto ao converter o labradío en viñedo. No momento de levar a cabo as gabias, os donos da finca destruíron as sepulturas e limparon o terreo de tixolos e laxas.
O señor Francisco comenta que se plantou a viña tendo el 6 anos, (vai cumprir agora 85); el naceu no 1926, polo tanto a descuberta tivo lugar no 1932. Cóntanos que os veciños dicían que aquí, na Carballeda, estaba o antigo cemiterio da Rasela e de Queirugás. Afirma que el só viu un dos sepulcros, e non cando plantaron a viña, senón despois ao abrir un suco para acondicionala.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	O4/E-11	X_028

F 01

PLANO





DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Pazos	**PAZOS**	**Pazos**	**Pazos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	628315-4644574	**GA32085028**

DESCRICIÓN:

Segundo Taboada Chivite, no actual pobo de Pazos estaba asentada unha vila romana, recollendo como achados abondosos muíños de man romanos, tégula e anacos de cerámica da mesma filiación cultural. Rodríguez Colmenero recolle como miliarios dous bloques de granito cilíndricos, moi alterados pola erosión, que atopou na estrada que une Pazos con Albarellos.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Rodríguez Colmenero, A; Ferrer Sierra, S. e Álvarez Asorey, R.D (2004): Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense). Santiago de Compostela. Ed. Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico.
- Taboada Chivite, J. (1947), "Monterrey: resumen histórico y arqueológico", Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Ourense, Nº 3 (1947), pp. 27-43.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-3	X_029

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifo da Fraga dos Lobos	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Carregás / Regato dos Lobos; Fraga d**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	632417-4643562	**GA32085029**

DESCRICIÓN:

O xacemento atópase situado ao lado dunha pequena cubeta, á esquerda, nunha rocha granítica chan de 8,90 m x 4,90 m. Componse de dúas rochas separadas por unha fractura. A situada máis ao N ten seis (6) cazoletas pequenas -de entre 10-11 cm de diámetro- e catro (4) grandes. A maior destas parece debida á erosión natural e mide 52 cm de diámetro na parte máis ancha e 46 cm na máis estreita; aparece unida a outra máis pequena (22 cm de diámetro) por unha especie de pequena canle que continúa aínda uns 30 cm máis por baixo da cazoleta máis pequena.
As cazoletas non son equidistantes.
A outra rocha situada máis cara o S presenta dúas (2) cazoletas unidas entre si, das que arrinca un suco rocha abaixo. Non temos a seguridade de que estas dúas cazoletas formen parte do conxunto, xa que temos a dúbida de que poideron ser provocadas por traballos de canteira.
Os petróglifos claramente identificados (rocha N) están orientados en sentido E-W; os da rocha situada máis ao S -non tan claros- en sentido N-S.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	LOCAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	INDETERMINADOS	**02/B-3**	**X_030**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de O Telleiro	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**O Telleiro**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Medieval	631494-4643331	**GA32085030**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado nun lombeiro que presenta vexetación de monte baixo, aínda que en parte prantado de viñedo. No máis alto do lombo levántase unha caseta das viñas de dúas alturas labrada en granito.

Quizais esteamos diante dun xacemento medieval xa que, durante a prospección levada a cabo en 1991, foron atopados en superficie numerosos fragmentos de cerámica común datable neste período, así como unha basa de columna adosada de granito entón arrimada a unha parede da caseta, e que hoxe está desaparecida. Aparecen tamén numerosos fragmentos de tella curva, algúns fragmentos de tixolo macizo e pequenos fragmentos de vidro moi fino e de diversas cores. Tendo en conta os fragmentos de tixolo que aparecen, o xacemento podería remontarse a época romana, se ben sería necesario un estudo máis pormenorizado dos materiais.

Debido á ausencia de restos de estruturas en superficie e da mestura de materiais non se pode determinar con exactitude a súa cronoloxía, podendo remontarse o rexistro arqueolóxico desde época romana ata a Idade Media.

Dasairas Valsa (1999:58) cita un documento medieval datado en 950 no que se fala de Vila Fredamundi, en alusión ao seu posuídor, e que, na súa opinión, estaría situada entre Cabreiroá e Ábedes.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Dasairas Valsa. X. (1999): Crónicas Rexiomontanas: Territorio e História na Comarca de Monterrei. Autoedición. Mancomunidade de concellos da comarca de Monterrei. Vigo

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-3	X_031

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento da Fraga dos Lobos	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**A Fraga dos Lobos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Calcolítico	632410-4643652	**GA32085031**

DESCRICIÓN:

Este xacemento, destruído con motivo das obras da autovía A-52 en , concrétase nunha serie de concentracións de material que, pola súa posición sobre unha forma topográfica concreta (unha ruptura de pendente cóncava dun escarpe) podemos encadralo dentro do que se vén denominando área de acumulación. Este tipo de xacememento constitúe a figura característica dos poboados da Idade do Bronce galegos, podéndose atopar neles ocupacións que van desde finais do III Milenio até finais do II Milenio.
A tipoloxía dos materiais aparecidos é variada, pero podemos concretar algunhas notas características. No que respecta ás formas recuperáronse bordes de labios redondeados con formas de vaso ou de cacharros tipo Taraio e outra variante de labios planos e morfoloxía troncocónica, con forma de cunca ou de vaso. Os colos posúen unha curvatura cóncava moi suave e as panzas son xeralmente de paredes case rectas ou cunha convexidade pouco acusada, respondendo a recipientes máis altos que anchos (a excepción das cuncas). Os fondos localizados son planos e as asas son, maiormente, de sección plana.
En canto ás decoracións resulta relevante a presenza de fragmentos de tradición campaniforme. Outra das notas características é a presenza de cordóns que se observan tanto como reforzos dos bordes e colos, como nas panzas ou ombreiros. Así mesmo resulta relevante a presenza de ungulacións nestes cordóns. Tamén hai decoracións a base de pezóns ou mamelóns de perfís redondeados.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	MOI MALO	MIXTA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Méndez Fernández, F. e Martínez López, Mª.C.: (1998) Ficha do Inventario Xeral de Galicia. Verín (Ourense).
- Prieto Martínez, P., Martínez Cortizas, A., Lantes Suarez, O. & Gil Agra, D.: Estudio de la ceramica del yacimiento de fosas de Fraga do Zorro. Congresso Transfronteiriço de Arqueología: "Un Patrimonio sen Fronteiras". Actas del Congreso (en prensa). Montealegre (Portugal). 3-5 de Octubre de 2008.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-7	X_032

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifos do Vigode	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**O Vigode**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	631252-4632233	**GA32085032**

DESCRICIÓN:

O petróglifo descuberto durante o control e seguimento das obras de construción da Autovía Verín-Fronteira Portuguesa, xunto con outros (Morchón Viñas 2008).
Localízanse sobre dous afloramentos contiguos situados nunha zona de ladeira que limita polo E a chaira aluvial do Támega. Ambos son de granito de grao medio con diaclasas verticais e horizontais orientadas N-S.
O primeiro deles ten forma de ril, mide 7m de longo e 4'5m de anchura e oriéntase de SW a NE. Na súa superficie localízanse varias pías de entre 40 e 120cm de anchura, con cadanseu canle de desaugue, tal vez de orixe natural. Motivos claramente antrópicos son outros 29, concentrados no sector SW da rocha. Son 27 coviñas simples, unha con radio e un semicírculo (tipo ferradura). Tamén se identificou unha cuña de canteiro, froito de actividades extractivas tradicionais.
O segundo afloramento está a 6m do anterior, con forma alongada, de 9'5m de longo e 2'8m de ancho, cunha orientación SW-NE. Na súa superficie distínguense, no sector SW, unha coviña e, xunto desta, un círculo incompleto (tipo ferradura) con coviña central e radio; no sector NE ten outra coviña.
Os afloramentos non foron alterados polas obras da autovía, non así o seu entorno inmediato, rofundamente modificado co trazado desta e coa explanación para a futura área de servizo.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	LOCAL	I-1; I-2	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- César Vila, M. (2008): Sondaxes arqueolóxicas valorativas no contorno inmediato dos petróglifos de O Vigode (Verín , Ourense). Informe-Memoria vinculado ao Proxecto de construción da nova estrada N-532. Autovía Verín-Fronteira Portuguesa. Tramo Verín-Feces de Abaixo (Ourense).
- Morchón Viñas, J. (2008): Control y seguimiento arqueológico del proyecto de construcción de la nueva carretera N-532, Autovía de Verín-Frontera Portuguesa, Tramo: Verín-Feces de Abaixo (Verín, Ourense)

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-7	X_033

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento do Río	**MANDÍN**	**Mandín**	**O Río / A Caseta do Iglesias; A Carrete**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	630735-4633456	**GA32085033**

DESCRICIÓN:

Xacemento coñecido cos nomes de O Río / A Viña da Carretera, A Zapateira ou A Caseta do Iglesias (en alusión a unha caseta das viñas de planta terrea e forma rectangular que é propiedade dun veciño que posúe ese apelido).
Situado a 200 m ao E do río Támega e inmediato á estrada N-532, o xacemento romano de O Río correspóndese, ben co dunha villa rústica, ben cun espazo dedicado á explotación de recursos primarios (probablemente viño), ben dun lugar funerario, mais en calquera caso datable en época romana. A localización deste xacemento romano explícase, sen dúbida, pola súa situación estratéxica, nas proximidades do río e á beira dunha depresión orográfica que permite a traza da Vía Aquae Flaviae-Lucus Auguti, da que non coñecemos restos na actualidade, mais que sen dúbida articulou este territorio en sentido N-S.
O xacemento saíu a luz con motivo da recente destrución dunha vedación de cachotaría de 90 m de lonxitude que dividía dúas propiedades en sentido NE-SW. No corte ao que deu lugar o derrube do muro levado a cabo recentemente (duns 2 m de anchura), aparecen numerosos fragmentos de tégula (con e sen pestana) que non foi recollida. Tampouco recollimos o fragmento dunha asa pertencente a un recipiente tipo xerra (quizais parte dun enxoval funerario) que presenta a caracterización (modelado, tipo de barro e de cocción, etc...) propia da cerámica común romana. A cor desta agarradoira é ocre alaranxado, e a súa forma non é cilíndrica, senón aplastada, como é habitual na cerámica común de Roma (Alarcão, 1975; Vegas, 1973).

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-2	X_034

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifo das Moreiriñas	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**As Moreiriñas**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	631511-4644755	**GA32085034**

DESCRICIÓN:

A peneda na que se sitúan os gravados é de superficie chaira e pouco destacado en altura, sobretodo cara o lameiro dende o que se accede e que limita polo SW. Trátase dunha peneda cunhas dimensións actuais de 5x8m, ás que hai que sumar outros 6x5m cara o SE, formando unha especie de chanzo inferior. A creación deste chanzo débese á ter sido obxecto, a peneda, de actividades de cantaría tradicional, cuxos restos aínda se atopan esparexidos ao carón do núcleo de extracción.
O gravado compóñeno dúas coviñas de 8 e 15cm de diámetro e 5 e 10cm de fondura, respectivamente, unidas por unha canle lixeiramente serpenteante de 55cm de longo, 5cm de anchura e 5cm de fondo. No centro da coviña grande praticouse outra coviña máis pequena e concéntrica. Alíñase o conxunto de NE a SW.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rúa Martínez, B. (2007): "Guía arqueolóxica do Alto Támega", Verín, p.30.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-2	X_035

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifos do Covato	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Tamagos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Medieval	632849-4644772	**GA32085035**

DESCRICIÓN:

Trátase dun afloramento granítico de forma redondeada, pero escachado por varios sectores, obxecto de actividade extractiva tradicional. Nun dos cachotes soltos, de 100x60cm consérvanse cinco coviñas aliñadas no lado longo, de entre 3 e 5cm de diámetro e 1cm de fondura media. O último deles presenta dous sucos laterais duns 2cm de longo, tamén coa mesma aliñación. Noutros cachotes soltos inmediatos vense tamén outras coviñas e pías de pequeno tamaño.
Seguindo 50m polo alto do outeiro, cara o W, vese un segundo afloramento, moi destacado e cun amplo dominio visual sobre o val. Nunha das rochas baixas máis á esquerda (S), vese unha coviña xunto cunha pía, de 10 e 20cm de diámetro e unha fondura de 5 e 10m, respectivamente. A 10m cara o primeiro afloramento, lixeiramente desprazada ao S, outra rocha plana mostra un suco de uns 3cm de anchura e outro tanto de fondura, de sección en "V" e case 1m de lonxitude. Recorda este suco os rexistrados por información oral noutros puntos da comarca, que marcan limites de coutos ou xurisdicións.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	MALO	PARROQUIAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:	Plano Ordenación (Folla):
RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO	Único

OBSERVACIÓNS:

Recoméndase o control arqueolóxico de calquera obra que se realice dentro da área de cautela do xacemento ante a posible aparición de restos materiais ou estructuras ao producirse movemento de terras.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	COVAS	O3/G-9	X_036

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cova e pías de Felgoso	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Felgoso**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	632777-4644473	**GA32085036**

DESCRICIÓN:

A referencia a este lugar vennos por dous elementos apenas separados 30m.
No outeiro que alberga o depósito de auga de Ábedes, mesmo detrás deste, sobresae lixeiramente entre a densidade do mato de toxo e xesta un afloramento granítico de superficie plana e pouco elevado. Todo el está cortado debido a abundante actividade canteira tradicional á que se viu sometida todo este sector do val, disque de canda construcción do Castelo de Monterrei. No medio dunha das penedas localízase unha pía rectangular, ou bañeira, moi ben escuadrada e cos catro lados pechados. Mide 125x100m de lado, cun fondo mínimo de 10cm e máximo de 35cm, difícil de determinar xa que está totalmente atoada de vexetación. Noutra rocha próxima localízase outra pía semellante, aínda que aberta por un dos catro lados.
O outeiro foi obxecto dun grande desterro no sector SE, de candas obras da autoestrada, deixando unha pista aberta entre dous altos noiros. No noiro N, que é o que coincide co outeiro que aloxa as pías, consérvase, a media altura, un muro de contención de cachotaría que marca o nivel de chan previo ao desterro descrito. Sobre o nivel deste, algo máis adiante e na parede superior ábrese unha cova de boca redondeada, escavada no sábrego. Foinos imposible comproba a súa fondura e dimensións debido aos últimos desprendementos de terra se ben, por referencia de D. Bruno Rúa Martínez, sabemos que interiormente define un seno pseudo-esférico de 1'5m de diámetro aproximado. As fotos do ano 2007 que nos proporcionou o propio Rúa Martínez mostran unha especie de "cartela" superior, conservada só na súa esquina dereita, cunha superficie plana dianteira na que aparecía gravado unha especie de serpentiforme ou unha letra de trazos sinuosos. Esta "cartela" conservaba unha pátina sobre o sábrego que a facía, presumiblemente, antiga. Non sabemos se esta pátina se conserva tamén dentro da cova, ou se foi re-escavada con posterioridade.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rúa Martínez, B. (2007): "Guía arqueolóxica do Alto Támega", Verín, p.101.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	NECRÓPOLES	O3/D-18	X_037

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Igrexa parroquial de Tamagos	**TAMAGOS**	**Tamagos**	**Tamagos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Medieval	630578-4639842	**GA32085037**

DESCRICIÓN:

A Igrexa de Sta María de Tamagos ten unha orixe claramente medieval. Por iso, malia non coñecermos datos que permitan constatar o achado de materiais (nomeadamente sepulcros) correspondentes a unha necrópole, sabemos que ao longo da Idade Media a norma de inhumación de cadáveres avoga por soterrar os corpos no interior do templo (que copan as familias con máis recursos económicos) e no adro parroquial, isto é, no contorno inmediato do templo, tamén coñecido como O Sagrado.
Ao igual que acontece co templo parroquial de Queizás, de indubidable raigame románica, isto xustifica a alta administrativa deste xacemento como necrópole medieval.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PARROQUIAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	02/B-4	X_038

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento romano do Padrón	**TAMAGOS**	**Tamagos**	**O Padrón**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	630040-4641155	**GA32085038**

DESCRICIÓN:

Xacemento romano en chaira, descoñecendo función e caracteríticas xerais, debido á parcialidade dos resultados obtidos nas sondaxes valorativas realizadas.
Antes das sondaxes xa se detectaba material romano en superficie, motivo polo que foron plantexadas aquelas como cautela ante a contrución do futuro Parque Empresarial de Tamagos.
Realizáronse oito sondaxes de dimensións variables, nun total de 68m2 (Nodar Nodar 2010), con resultados positivos en tres de elas (sondaxes 2, 3 e 4).
Na sondaxe 2 localizouse un muriño con orientación N-S, composto por cachotes de xisto e algún de granito, trabados a óso, sen morteiro, conservado practicamente só ao nivel da cimentación. Relacionado con el detectáronse tamén niveis de derrube a base de tégulas, ímbrices e cachotería lítica.
Na sondaxe 3 localizouse un pavimento amarelado moi duro, con restos de carbón, además dun nivel de derrube de pedra e tégula.
Na sondaxe 4, además dun posible pavimento conservado parcialmente, localizous un muriño de escasa entidade, apenas conservado nunha fiada, a base de cachotes graníticos de pequeno e mediano tamaño.
En canto ao material relacionado, además de gran cantidade de tégula e ímbrice, recuperáronse varios fragmentos cerámicos, de cronoloxía romana, entre eles algún anaco de Terra Sigillata, de paredes finas e de pratos engobados en vermello "estilo pompeiano".

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Arizaga Castro, A e Reboreda Carreira, A. (2008): "Prospección arqueolóxica, etnográfica e arquitectónica intensiva para a elaboración do proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, Concello de Verín, Ourense".
- Nodar Nodar, C. (2010): "Informe valorativo das sondaxes arqueolóxicas e decapado da vexetación na área cautelada do futuro Parque Empresarial de Tamagos".

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ASENTAMENTOS	O3/E-30	X_039

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento do Carregal / As Moreiriñas	**MANDÍN**	**Mandín**	**O Carregal; As Moreiriñas**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	631200-4633750	**GA32085039**

DESCRICIÓN:

Uns 600 ao SW do núcleo tradicional de Mandín localízase unha grande chan de orixe fluvial coñecida xenéricamente como O Carregal e, de forma puntual, como As Moreiriñas. O xacemento, que quedou á vista despois de que unha máquina alterase a traza dun camiño tradicional, deu luz sobre unha serie de materiais de construción romanos (fragmentos de tégulas maiormente) mais non estruturas.
O xacemento localízase sobre un lombo que sobresae entre 1 e 2 m. da cota media definida pola chan de natureza aluvial na que se atopa, xusto na ribeira do Regato das Vidueiras.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
URBANÍSTICOS	PETRÓGLIFOS	**O3/G-9**	**X_040**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Gravado de Felgoso	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Felgoso**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	632617-4644376	**GA32085040**

DESCRICIÓN:

O afloramento componse de dúas penedas alongadas de remate redondeado, unha de 1'80m de altura, á que se lle achega outra de 1m de altura aproximada, que alberga na súa cara superior o gravado. Consiste este nunha especie de "áncora invertida", composta por un "U" de curvas angulosas, coroado o trazo dereito, máis longo, cun semicírculo convexo que lle dá o aspecto de áncora. O motivo completo mide uns 15cm de alto e outro tanto de ancho.
Este tipo de gravado podería estar en relación con marcos que delimitaban os coutos ou xurisdiccións. Disque por toda esta parte do val de Verín foi de onde se extraeu a gran maioría das pedras para a construción do Castelo de Monterrei, e así o acreditan a grande cantidade de restos e marcas de cantairía tradicional por todos os montes e ladeiras desta volta do val. Non sería descabellado, entón, pensar nestas marcas, ben como marcas de propiedade, ben como indicadores dos mestres canteiros para zonas de traballo.
D. Bruno Rúa levounos a el.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-7	X_041

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Gravado da Xea	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**A Xea**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	632759-4632486	**GA32085041**

DESCRICIÓN:

Trátase dun afloramento granítico bastante achairado e elevado apenas 1m, sendo apenas visible dende a pista dende o que se accede. Está hoxe redeado de xestas, dificultando aínda máis a súa visión. A rocha mide uns 7'7x5'7m nos eixes N-S e E-W respectivamente.
Na súa cara S, lixeiramente inclinada, presenta o gravado, consistente nun grande "R", de 54cm de alto e 27cm de ancho. Da barriga do mesmo parte, á dereita, un trazo oblícuo e cara abaixo, que puidera querer defini-la abreviatura, ou acrónimo, "RA", a pesares da ausencia do travesaño do "A". Completa este trazo unha anchura inferior de 47cm.
Os trazos son groso, de 3'5cm de ancho e 1'5cm de fondura.
Falounos del e levounos ata o lugar D. Bruno Rúa Martínez.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	BO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-6	X_042

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifo da Peneda da Moura	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**A Peneda da Moura**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	630817-4635729	**GA32085042**

DESCRICIÓN:

Trátase de dous buratos elipsoidais xuntos, máis outro a uns tres metros ao N e unhas poucas coviñas moi preto. Taboada Chivite (1946) refírese a estes petróglifos como escutiformes. Esta pedra, segundo Rúa Martínez (2007) e outros investigadores, pertence ao roteiro lendario do cabalo de Santiago pola comarca, aínda que non se parece en nada a ningunha das outras pegadas, todas elas en forma de ferradura.

Estamos diante dun afloramento granítico de grandes dimensións que presenta forma rectangular no que son visibles varias diaclasas horizontais. Localízase no tramo intermedio da ladeira W do Outeiro da Touza do Valbón, e garda intervisibilidade co Castro do Outeiro da Cruz (GA32085011).

A superficie do afloramento presenta dous orificios elípticos moi próximos entre si -quizais de orixe natural- que ofrecen as seguintes dimensións:

a) Orificio 1: Lonxitude 40 cm; anchura máxima 17 cm; anchura mínima 12 cm; profundidade 50 cm.

a) Orificio 2: Lonxitude 24 cm; anchura 17 cm; profundidade 5 cm.

A maiores destas dúas pías localizáronse sobre o afloramento 6 coviñas ou cazoletas de menores dimensións de entre 5 e 10 cm de diámetro e unha fondura de 1 cm. Todas elas preséntanse distribuídas de xeito irregular sobre a rocha, resultándonos moi difícil dirimir a súa orixe antrópica ou natural.

Con motivo das obras de construción da autovía o penedo foi trasladado unha vintena de metros ao NE, de maneira que puidese ser conservado á beira da nova infraestrutura. No transcurso dos traballos de traslado o penedo fracturouse, o que provocou unha notable alteración e degradación do seu aspecto orixinal.

O xacemento localízase na ladeira dun outeiro a 465 msnm, xusto á beira dunha vía de servizo paralela á autovía.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	MOI MALO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Morchón Viñas, J. (2008): Estudo histórico de la Vía de la Plata. Tramo Feces de Abaixo-Cabreiroá (Verín, Ourense).
- Taboada Chivite,J.- (1946): Insculturas de herradura en la comarca del Támega. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense, XV, nº3. Orense, 1946.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-6	X_043

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifo da Fonte de Xancán	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**A Fonte de Xancán**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Medieval	630695-4635677	**GA32085043**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado a media ladeira dun coto que acada os 440 msnm. O seu contorno está dedicado a monte baixo, sendo inmediato a un camiño de servizo peonil paralelo á nova autovía a Portugal.
Os gravados consisten nunha pía circular de entre 2-3 cm de fondura e 13 cm de diámetro. A 15 cm dela gravouse unha cazoleta de 4 cm de diámetro e unha profundidade de 2 cm. A uns 40 cm da coviña, unha cruz latina de 10 x 7 cm e suco en V de 1 cm de fondura.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	PETRÓGLIFOS	02/B-8	X_044

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Petróglifos da Lama Longa	**FECES DE BAIXO**	**Feces de Abaixo**	**A Lama Longa**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	631959-4630958	**GA32085044**

DESCRICIÓN:

Estamos diante dunha serie de petróglifos de ferraduras (en número de catro) mesturado cun pequeno círculo e varias coviñas de pequeno tamaño. Este último motivo localízase tamén, cando menos, en tres afloramentos máis, todos eles situados ao N da pista, en penedos do contorno que sobresaen claramente na paisaxe.
O batólito que serve de soporte ás pía de grande tamaño -localizado ao S da pista de xabre- coincide cun destacado afloramento granítico que presenta un amplo dominio visual sobre o val do Río Pequeno e as terras de labor que irriga.
Polo que respecta á rocha-soporte que acolle as ferraduras, o motivo máis singular do conxunto sen dúbida (a súa localización en coordenadas correspóndese coa que recolle a presente ficha no seu encabezamento), esta presenta unhas medidas de de 2'60 x 3m (NW-SE, NE-SW), 90cm de alto. Cortada por canteiros toda a parte NW, e con marcas de cuñas polo N, o afloramento –de granito rosado- fai as veces de divisoria de dúas parcelas, ao punto que aparece cruzada de E a W por un aramio de espiños.
Os gravados localízanse na parte S e SW do penedo.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Rúa Martínez, B (2007): Guía arqueolóxica do Támega. Verín

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	NECRÓPOLES	**O3/J-28**	**X_045**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Necrópole da Igrexa Vella	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**A Igrexa Vella**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Medieval	634621-4634788	**GA32085045**

DESCRICIÓN:

En Galicia, o topónimo Igrexa Vella indica, con frecuencia, a localización das igrexas e cemiterios medievais –isto é, de estilo románico- que foron trasladados e reconstruídos ao longo da Idade Moderna, en plena febre contrarreformista.
A Igrexa Vella de Feces de Cima ocupa un pequeno lombo asocalcado (420 msnm) localizada 250 ao SE do núcleo tradicional que, hoxe en día se atopa cuberto de monte baixo e domina visualmente o val inmediato que escavan o río Pequeno e a Regata de Aleixo.
Os veciños aseguran que as pedras do antigo templo foron levadas á localización que ocupa o actual, situado no centro da aldea, aínda que ao cavar (os terreos, hoxe incultos, estaban dedicados a viña) seica aparecían ósos e pedras. Seica esta igrexa e cemiterio era común aos veciños de Feces de Cima e Vilarello da Cota, que naquela altura non tiñan igrexa propia. Efectivamente, a valga que ascende en sentido NE vai dar directamente a este núcleo tradicional, hoxe incluído no ámbito administrativo do concello de Vilardevós.
Xa que logo, poderíamos estar diante dun xacemento medieval que acollería os restos dunha necrópole e un lugar cultual, tipoloxías ambas que, ao longo da Idade Media, procuraban patróns locacionais coma este asocalcado que nos ocupa.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RUSTICO PROTECCIÓN FORESTAL

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/C-6	X_046

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento da Estañeira	**FECES DE CIMA**	**Feces de Cima**	**A Estañeira**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	634743-4636428	**GA32085046**

DESCRICIÓN:

Trátase dunha vella mina de wolfram hoxe empregada como depóstico de auga, simplemete coa construción dun muriño de bloques que tapa a boca, deixando unha chapa metálica como porta de control. A galería suponse de sección abovedada, de non máis de 1'5m de diámetro. A entrada da mesma defínese pola escavación lateral e frontal dos correspondentes noiros, ben escuadrados e de paredes inclinadas, quedando a boca da mina de fronte.

A galería escávase en liña recta baixo O Lombo Grande, disque cruzándose, sen chegar a conectar, coa mina da Xeria, aberta do outro lado do monte. No alto deste vese, inda hoxe, amoreamentos procedentes, ao parecer, de explotacións mineiras que tal vez estean máis en relación con anteriores explotacións estanníferas. O propio topónimo fálanos destes vellas explotacións.

Da galería parte unha canle polo lateral esquerdo do desterro practicado na ladeira, polo que debían evacuar a auga do interior. No exterior consérvase inda unha base circular de formigón, relacionada coa maquinaria alí instalada.

Na ladeira supirior, mesmo sobre a boca da mina, distínguese unha especie de camiño que ascende en zig-zag. Nel estaban os railes de servizo desta mina, que levan a un camiño superior e a unha antiga zona de amoreamento de mineral.

Na estrada pola que se accede, 120m antes da galería, na curva anterior e ao N do regato que descende ladeira abaixo, dique estaba a "caseta da mina", para almacenaxe do material. Esta estrada non existía no tempo de explotación da mina. O acceso á mesma realizábase polo vello camiño que transcorre á beira do Río Porto, polo que circulaban os carros de bois para o transporte.

O lavado do mineral realizábase ladeira abaixo, ao pé do río, onde inda se conserva o topónimo de "O Lavadeiro".

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/B-5	X_047

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Minas das Regadas Longas	**MOURAZOS**	**Mourazos**	**Regadas Longas; Vilar de Cervos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	633143-4638809	**GA32085047**

DESCRICIÓN:

Nos montes do entorno de Vilardecervos, entre os limites municipais de Verín e Vilardevós, consérvanse vestixios de ata 8 explotacións mineiras de wolfram e de estaño, de maior ou menor entidade, además de varias sondaxes para ver a potencialidade de certos puntos no contorno do Monte das Minas, logo non explotados e en relación coa procura de wolfram nos anos 30 do século XX.

Neste complexo das Regadas Longas vense as ruínas desa explotación modernizada. No alto, con acceso pola parte superior da ladeira, onde chaman Val da Cruz, sitúase a "tolba", unha plataforma para descarga directa dos camións que traían o mineral. Volcábano nuns grandes cribos, para logo ser machucado e lavado. A auga era traída tanto da Fonte das Regadas Longas, a uns 380m ao NE, como da Foca, a carón de Vilardecervos, a máis de 1.700m en liña recta.

Arredor das vellas instalacións e explanadas de traballo e tránsito de camións vense aínda en pé dúas torres de transformación eléctrica, tamén abandonadas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	MALO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/B-5	X_048

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Fonte das Regadas Longas	**MOURAZOS**	**Mourazos**	**As Regadas Longas**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	633293-4639163	**GA32085048**

DESCRICIÓN:

Trátase dunha vella mina de auga para abastecemento das canles de lavado do cercano complexo mineiro das Regadas Longas , a tan só 380 m ao SW. Hoxe emprégase para abastecemento do núcleo verinés de Tamagos , estando a boca tapada cun muro de bloques.
A galería non tiña máis de 1m de diámetro, escavada directamente na rocha. Na dianteira da mesma ábrese un corredor ao ar libre polo que se canalizaba a auga.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/B-4	X_049

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Mina dos Gaios	**MOURAZOS**	**Mourazos**	**Os Gaios**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	633137-4639887	**GA32085049**

DESCRICIÓN:

Trátase dunha vella mina de wolfram localizada nas proximidades da parroquia de Vilar de Cervos hoxe empregada como depóstico de auga, mesmo a carón da estrada OU-1009, no punto indicado na cartografía. A boca da mina está hoxe tapada cun muro de bloques, deixando sair a auga cara unha poza dianteira. O diámero da galería, de sección abovedada, non supera o 1'5m.
Segundo nos informaron consta só desta galería, descoñecendo a lonxitude da mesma. O mineral extraído lavábase alí mesmo.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	LAGARES	02/B-3	X_050

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Lagar rupestre da Capela de San Antón	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Capela de San Antón**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romano / Medieval	631263, 4643660	**GA32085050**

DESCRICIÓN:

Lagar rupestre simple de pisado labrado sobre un afloramento granítico situado na ruptura da pendente que consta de pileta de fondo chan ou calcatorium, fondura variable (2-3 cm no sector máis elevado -E- e un máximo de 6 cm no máis fondo -W-) e planta subrectangular (2´30 m. máximo x 3´5 m.) que presenta as esquinas inferiores redondeadas. O mosto decantaría nun pío ou lacus que presenta maior fondura que a pileta e planta aparentemente rectangular de dimensións moi inferiores ao calcatorium. O líquido decanta dunha peza a outra por gravidade (a pileta ou calcatorium presenta unha inclinación notable), se ben na parte inferior da pía (no sector de maior fondura) aparece definido un rebordo rebaixado que favorecía o decantado dos líquidos resultantes do prensado, favorecendo o decantado por rebosamento a través do canal de media cana que o une ao pío ou lacus.
Neste momento só son visibles marcas de talla ou punteiro nunha fendedura de encastre localizada a media altura da pileta, concretamente no lado dereito, o que podería evidenciar a existencia dunha estrutura de madeira tipo torcularium.
O ángulo superior dereito da pileta, que permaneceu sempre á vista ata hoxe, acolle un epígrafe gravado a punteiro no que lemos "SAN ANTONIO".

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Escavación e posta en valor desde o punto de vista turístico vinculado ao sector das adegas da DO Monterrei.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Alteración dos elementos protexidos	As que fixe o nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	REFERENCIA ARQUEOLÓXICA	**O4/H-16**	**X_052**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Capela do Perú / Santo Antonio	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**A Casa do Perú**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Moderno	629344-4643211	**GA32085REF-3**

DESCRICIÓN:

A única información sobre a capela son referencias dos veciños de Queizás. Ao parecer os máis vellos oíranllo aos pais, pero ningún a recorda en pé. Estaba vinculada á Casa do Perú, moi alterada pero conservada ao carón da estrada, con brasón na fachada S.
No contorno do edificio vense fustes de columnas e pedras molduradas. O peche que separa o terreo da casa da rúa disque é orixinal. A nova aliñación urbana non respectou a aliñación da vivenda, invadindo esta na súa esquina NE a beirarúa.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MILIARIOS	**O4/H-11**	**X_053**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Miliario de San Lázaro	**VERÍN**	**San Lázaro**	**Avda de San Lázaro nº 24**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629202-4644583	**GA32085ACH-18**

DESCRICIÓN:

Cipo granítico de grao fino, ben redodeado, de 138cm de altura e 34cm de diámetro, no que inda se distinguen algunhas letras de entre 9 e 14 de alto. Taboada (1952, p.286) describía un toco na base para ser encaixado, hoxe non visible.
Está fracturado na sua parte superior, polo que o epígrafe está incompleto. O seu desgaste e a súa posición, adosado ás escaleiras de subida ao primeiro andar, fan que a lectura sexa case imposible.
Dado a coñecer por Taboada Chivite (1952, p.286). Segundo Colmenero, Ferrer e Álvarez (2004, p.659), reaparecido recentemente na súa localización actual.
Os autores citados non se atreven a adscribilo a un emperador determinado, pero sitúano, en base ás titulacións que emprega, en época tardía, posiblemente de Constante, fillo de Constantino.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rodríguez Colmenero, A., Ferrer Sierra, S. e Álvarez Asorey, R. (2004): Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, p.659 (nº 577).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MILIARIOS	**O4/I-10**	**X_054**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Miliario da Casa dos Acevedo	**VERÍN**	**Verín**	**Casa dos Acevedo / Rúa Lisa; Praza**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629605-4644663	**GA32085ACH-15**

DESCRICIÓN:

Cipo de 180 cm de altura e 60 cm de diámetro, sen inscrición visible.
En realidade o que se conserva é tan só unha metade do mesmo, pero vese que se trataba dun miliario perfectamente labrado sobre un bloque de granito de grao groso. Os bordes superiores están lixeiramente biselados, dándolle un aspecto moi coidado.
Descoñécese se tivo inscrición.
Hoxe forma parte da Casa dos Acevedo, achegado ao lateral S dos seus soportais, cara a rúa Lisa, aínda que sabemos que ese non é o seu emprazamento orixinal.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	MUNICIPAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rodríguez Colmenero, A., Ferrer Sierra, S. e Álvarez Asorey, R. (2004): Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, p.660 (nº 578).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ARAS	O3/E-2	X_055

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ara da Soutilla (Vilamaior do Val 1)	**VILAMAIOR DO VAL**	**A Soutilla**	**A Soutilla**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	631094-4648127	**GA32085ACH-12**

DESCRICIÓN:

Fragmento superior dunha ara, descuberta en 1971 no seu emprazamento actual, empotrada no lenzo de cachotería entre a xanela do primeiro andar e o letreiro da rúa, a 4m de altura. Foi dada a coñecer por Le Roux e Tranoy en 1975, publicándose en inventarios posteriores.
Só é visible a cara superior, de 34cm de lago, observándose un foculus circular central, rodeado doutro círculo concéntrico do que parten catro brazos cara as esquinas e os extremos dos rolos laterais, todo en alto-relevo. O coidado e complexo desta labra fai pensar nunha ara de certa finura, da que descoñecemos dimensións completas e se ten epígrafe ou non.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Le Roux, P. e Tranoy, A. (1975): "Problémes epigraphiques de la province d'Orense", Boletín Auriense, nº5, p.273.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ACHADOS SOLTOS	O3/C-2	X_056

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Capitel romano de Tintores	**TINTORES**	**Tintores**	**Adro da igrexa parroquial de Sta Cristi**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629664-4647668	**GA32085ACH-11**

DESCRICIÓN:

No caso do capitel de Tintores, o ábaco (a peza a modo de tabliña que remata e altura o capitel) non existe, e a flor canónica que o debería preceder en altura aparece substituída por unha vieira , un molusco bivalvo que aparece con frecuencia na iconografía venusiana e santiaguista, se ben neste último caso a súa representación canónica (Fatás & M. Borrás; 1995:239), diverxe notablemente da que nos ocupa, na medida en que "en heráldica, a vieira de peregrino ou de Santiago represéntase polo seu exterior e coa base en alto". Na tradición clásica grecoromana a vieira aparece vinculada á mitoloxía do deus Crono, que cortou os xenitais do seu pai antes de guindalos ao mar. Alí entraron en contacto coa escuma das ondas, e da escuma xurdiu, espida e fermosa, a deusa grega Afrodita (literalmente "a que naceu da escuma ") ou a latina Venus. De seguido recolleuna unha cuncha que, primeiro, levouna frotando sobre as augas ata a illa de Chipre, onde foi recibida polas tres Grazas, que a cubriron co seu manto. A cuncha de vieira foi desde entón o símbolo do pube feminino, fonte de poder de Venus, a deusa do erotismo e tamén da beleza feminina.

Nos extremos superiores do capitel locen dúas volutas ou espiras unidas entre si grazas ao encontro dos seus tallos, contacto que ten lugar no eixe da composición, xusto por baixo da vieira. Os caulículos ou volutas cúrvanse ata apenas superar unha única volta, evitando así o modelo da espiral canónica, máis desenvolvida, pero rematando igualmente nun óculo central. Curisosamente estas pezas adoptan a forma das volutas de orde xónica non angulares de maneira que o caulículo é deseñado para ser visto de forma bidimensional, isto é, de fronte, adquirindo certa tridimensionalidade só cando é observada de esguello.

Nun nivel inferior xurden dúas coroas de acanto con grandes follas con nervaduras centrais e laterais que ganan volume grazas á perforación coa técnica do trépano dos intersticios que deixan os seus lóbulos.

Na base da peza un baquetón ou astrágalo precedida dun listel.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MILIARIOS	O4/0-10	X_057

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Miliarios de Marco Deitado	**PAZOS**	**Pazos**	**Marco Deitado**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	626551-4644887	**GA32085ACH-14**

DESCRICIÓN:

Trátase, en realidade, de dous fragmentos doutros tantos miliarios, un colocado en vertical e outro tumbado, ou deitado, sobre o anterior. O primeiro deles mide 162cm de alto visible e 48cm de diámetro, e o segundo 113cm de alto visible e 57cm de diámetro. Esta diferencia de diámetro é o que levou a identificalos como dous miliarios diferentes. Ambos están tallados en dous cipos graníticos de gran groso de pouca consistencia, moi erosionados e cos epígrafes borrados. Rúa Martínez (2009, p.116) leu un "VI" gravado nun deles, e un "O" no outro. Atópanse á beira da estrada N-525, Verín-Xinzo, á altura de Pazos, mesmo no límite con Albarellos, servindo de marco divisorio entre os concellos de Verín e Monterrei, estando hoxe no medio dos bacelos que se extenden polo val.
Son perfectamente visibles ao S da estrada, á altura do p.k. 484+900.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	BO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rodríguez Colmenero, A., Ferrer Sierra, S. e Álvarez Asorey, R. (2004): Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, p.668-669 (nº 588 e 589).
- Rúa Martínez, B. (2007): "Guía arqueolóxica do Alto Támega", Verín, p.116.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento dos bens e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
URBANÍSTICOS	ASENTAMENTOS	02/A-1	X_058

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Pedra Alta	**CASTRELO DO VAL**	**Castrelo do Val**	**Pedra Alta; Concello de Castrelo do V**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Idade do Bronce	629844-4648871	**GA32021025**

DESCRICIÓN:

Polo medio e medio dos terreos coñecidos como Pedra Alta, en sentido SW-NE, discorría un camiño, balizado por pedras ergueitas, entre as que se supón estaba o monolito. O propio topónimo evidencia que a estela antropomorfa apareceu "in situ", chantada no medio dun contorno chairo e en relación directa co río Támega, que transcorre a escasos metros ao W do lugar. O propio camiño vello, hoxe desaparecido, enfiaba un vao sobre o propio río, inda perfectamente visible, continuando en dirección a onde hoxe está Castrelo. A presenza da Pedra Alta tería servido, non só para bautizar as terras nas que se atopaba ata mediados do século XX, senón tamén como fito delimitador dos territorios e, quizais, do couto medieval de Mixós. Esta división transmitiuse logo á divisiíon parroquial e, por extensión, á municipal actual.

O camiño descrito discorría coma 1m máis fondo que as terras que atravesaba, desnivel que foi anulado cas explanacións realizadas canda concentración parcelaria.

Chamounos a atención, embora, que ninguén recordara un marco ou pedra con gravados nos valados delimitadores das fincas; feito que nos fai pensar se a estela xa estaría enterrada xa antes da concentración parcelaria.

Sexa como for, o que queda claro é a relación desta co camiño que transcorre en paralelo ao curso fluvial do Támega, como vía de tránsito natural, e co propio río e o vao descrito.

Esta relación pon o xacemento en relación con outros semellantes, tanto no NW coma noutras áreas onde apareceron este tipo de estelas ou estatuas-menhir, cuxo epicentro se sitúa no SW peninsular.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MILIARIOS	**O4/H-7**	**X_059**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Milario do Muíño da Veiga	**TINTORES**	**Vilela**	**O Muíño da Veiga**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	629390-4645623	**GA32085ACH-2**

DESCRICIÓN:

Miliario de 183cm de altura conservada e 44cm de diámetro. Conserva sete liñas do epígrafe, con letras de entre 6 e 13cm de alto. O soporte granítico é de boa calidade e de gran fino, aínda que o epígrafe atópase bastante deteriorado.
Apareceu no núcleo de Vilela, preto do Muíño da Veiga, onde continúa hoxe facendo de piar na vivenda propiedade de D. Manuel Blanco. É visible dende a estrada, fincado de forma invertida.
Foi dado a coñecer en 1926 por Fernándea Costas e Fuentes Canal na Revista Nós, quenes describen o desgaste natural da pedra provocado polo roce dos ronzales as bestas que ían ao muíño dende tempo inmemorial, dificultando a lectura do epígrafe:
"Dedicado ao César emperador Marco Aurelio Caro, pío, feliz, augusto, pontífice máximo, investido co poder tribunicio, o consular e o proconsular".

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	BO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rodríguez Colmenero, A., Ferrer Sierra, S. e Álvarez Asorey, R. (2004): Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, p.661 (nº 580).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ARAS	**O4/G-20**	**X_060**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ara da igrexa de Queizás (Queizás 1)	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Igrexa parroquial de Queizás**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	628824-4642173	**GA32085ACH-7**

DESCRICIÓN:

Ara de granito moi desgastanda, incorporada como perpiaño no muro N da igrexa románica de Queizás, tumbada, coa parte superior cara a dereita e co epígrafe á vista. Vense as molduras superior e inferior, apenas resaltadas. Ten un basamento de 7cm de alto, seguido dunha dobre moldura de 3cm cada banda; logo vai o dado, de 47cm de alto, rematado cunha triple moldura de 2cm cada banda, rematada á súa vez con outra banda de 7cm e unha máis superior de 3cm.
Mide 78cm de alto e 37cm de ancho, con campo epigráfico de 47x33cm, contendo 5 liñas con letras entre 5cm e 6cm de alto.
A lectura é moi complicada polo desgaste das letras, sobretodo as liñas 3 e 4, se ben lese con certa claridade:
IOVI.O.M / FLAVIAMA / TER(.)A(.) / S(...)IE / VOTA.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Rodríguez Colmenero, A. (1987): Aquae Flaviae, I, Fontes epigráficas, p.37 (nº10).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ARAS	O4/G-20	X_061

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
"Ara indíxena" de Queizás (Queizás 3)	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Igrexa parroquial de Queizás**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	628824-4642173	**GA32085ACH-9**

DESCRICIÓN:

Singular peza labrada nun bloque de granito cuadrangular, rematado cunha cabeza de animal. Na cara frontal do bloque ten gravada unha aspa cuxos brazos parten dun círculo central. A traseira describe a curvatura do lombo do animal, estreitándose cara os pés.

A cabeza semella dun bóvido ou dun ovino, do que se representan tamén as patas dianteiras flexionadas, en posición recollida, facendo as articulacións de esquinas superiores do bloque e xogando coas aspas da cara frontal.

A disposición das patas, así como a representación da curvatura do lombo e a visión frontal da cabeza, fainos pensar nunha posición orixinal tumbada, con respecto a como está hoxe. Puidera entenderse coma un "Agnus Dei" de coroamento das cabeceiras dos templos románicos, inda que a representación da aspa nun lugar que sería, entón, non visible, non tería sentido algún. A súa rusticidade tamén non axuda a encadrala dentro do mundo románico.

Pasou a ser coñecida dentro do mundo da investigación coma "ara indíxena", nome que recollemos, a pesares de carecer de base científica algunha para aseguar a existencia desta tipoloxía de aras.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:

- Rúa Martínez, B. (2007): "Guía arqueolóxica do Alto Támega", Verín, p.103.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:


OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	ARAS	O4/G-20	X_062

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ara da Casa Reitoral de Queizás	**QUEIZÁS**	**Queizás**	**Casa Reitoral de Queizás**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	628812-4642189	**GA32085ACH-8**

DESCRICIÓN:

Perpiaño granítico, de grao groso, de 95x53cm, formando parte da parede N da casa reitoral de Queizás, na terceira fiada, entre as dúas portas do baixo e cara a rúa.
Na súa cara visible distínguense varias liñas epigrafiadas. A súa orixe parece ter sido unha ara de grandes proporcións, aproveitada como material de construción posteriormente. Está colocada tumbada, coa parte superior cara dereita.
O seu estado de conservación é moi deficiente, tendo sufrido repicados polos catro costados, incluso na cara frontal, eliminándose calquera resto de moldura. Aínda así, distínguese a parte onde estas ían: a inferior ocupaba 26cm en altura, e a superior 22cm, seperándose do campo epigráfico actual cunha pequena biseira que inda proxecta sombra con luz rasante.
O epígrafe sufriu un forte desgaste, facéndose practicamente ilexible. Distínguense 4 liñas, polo menos as 3 primeiras son seguras, dentro dun campo epigráfico conservado de 45x53cm, con letras entre 7 e 10cm de alto.
Non nos atrevemos a dar unha lectura exacta, pero distínguense claramente trazos oblicuos e curvos formando letras (algún S, C, posibles M, A...)

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	PÚBLICA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do ben e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/C-5	X_063

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Mina da Xeria	**VILAR DE CERVOS**	**Vilar de Cervos**	**A Xeria; Concello de Vilardevós**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	633556-4637460	**GA32091038**

DESCRICIÓN:

Trátase dunha vella mina de wolfram hoxe empregada como depósito de auga, simplemente coa construción dun muriño de bloques que tapa a boca, no que se deixou unha ventaíña de control e do que sae unha tubaxe plástica para transporte da auga.
A boca da mina de sección abovedada, non supera o 1'5m de diámetro, escavada directamente na rocha. A través da ventaíña vese o interior, hoxe inundado. As paredes interiores presentan a coloración negra características das vetas de wolfram, se ben podería tratarse tamén do que chaman "o negrón", un mineral de características semellantes ao wolfram, pero de menor peso.
Saíndo da mina, mesmo ao pé da pista, consérvase unha poza cadrada, que aproveitaba a auga canalizada por un rego interior da galería cara o exterior para o lavado do mineral.
O lavado realizábase do outro lado da actual pista, nunhas estruturas de colado das que se conservan os muros laterais de cachote, mesmo baixo a plataforma do camiño que ven de Vilar de Cervos.
Ao carón da poza, regato arriba, e protexida por unhas penas, existía unha caseta de almacenaxe de mineral. Segundo nos informaron, nesta caseta pernoctaba en ocasións un vixiante, xa que os roubos de mineral eran frecuentes .
A galería dique vai recta cara o Alto do Outeiro, no centro do Monte das Minas, en sentido SE, chegando a cruzarse, sen conectar, coa galería da Estañeira, aberta do outro lado do monte.
No alto deste vese, aínda hoxe, amoreamentos procedentes, ao parecer, de explotacións mineiras que tal vez estean máis en relación con anteriores explotacións estanníferas.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/C-5	X_064

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Mina do Pozo dos Bois	**VILAR DE CERVOS**	**Vilar de Cervos**	**O Pozo dos Bois; Concello de Vilarde**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	633468-4637893	**GA32091034**

DESCRICIÓN:

Trátase dunha vella mina de wolfram hoxe empregada como depóstico de auga. Sobre ela construíuse, ademáis do depósito, unha caseta para o motor de extracción da auga, ata a que chega un tendido eléctrico de postes de formigón.
Segundo nos informaron consta só dunha galería, non moi fonda.
Acompaña a esta mina unha tráxica historia, xa que é a única de Vilardecervos na que rexistrou a única morte por derrube de galería durante a vida activas das minas; un mozo que apenas chegaba aos trinta anos.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	II-1; II-2	NON SE APRECIA	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MINAS	02/C-5	X_065

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento do Outeiro	**VILAR DE CERVOS**	**Vilar de Cervos**	**O Outeiro; Concello de Vilardevós**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Contemporánea	633962-4637263	**GA32091010**

DESCRICIÓN:

O xacemento consiste nunhas antigas minas de estaño e wolfram con galerías e filóns de trincheira. Os veciños aseguran que xa foran explotadas polos romanos, documentándose algúns restos.
A maiores o outeiro do xacemento recibe o nome de "A Garita", o que sen dúbida fai referencia á existencia dun elemento arquitectónico dedicado á observación e vixiancia militar, sen dúbida datable nos séculos XVII-XVIII, coincidindo coas guerras de fronteira entre os reinos de España e Portugal.
O xacemento emprázase a 650-700 m.s.n.m.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RUSTICO PROTECCIÓN FORESTAL

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Vilardevós (Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Traballos periódicos de conservación e mantemento do xacemento e do seu contorno baixo control dun arqueólogo/a.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
URBANÍSTICOS	REFERENCIA ARQUEOLÓXICA	02/C-2	X_066

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Peneda da Arca	**QUEIRUGÁS**	**Queirugás**	**Monte de Queirugás**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	634228-4646621	**GA32085REF-6**

DESCRICIÓN:

Peneda en forma de arca a media ladeira. Destaca pola súa cor branquecina e forma cadrada, de aristas vivas. Estas características son iguais ás do afloramento rochoso visible na parte superior da ladeira, dos que parece terse desprendido. A estes afloramentos chámanlle as Penedas da Revolta.
Din que na Pena da Arca gardaban os mouros o ouro, pero que se ten escavado nos seu contorno e nunca se atopou nada. Xa que logo, os veciños conclúen que o tesouro debe estar debaixo da peneda.
Ás outras penedas que hai no alto, na dorsal mesmo anterior, ao SW, chámanlle Penedas do Regueirado.
A información foi proporcionada por D. Francisco Rodríguez Losada, veciño de Queirugás de 85 anos, que nos levou ao lugar.
Recóllese como referencia por se tratar dun lugar envolto en lendas populares, a pesares de non ter vinculación algunha con vestixios arqueolóxicos. O topónimo fai referencia á propia forma da pedra, que recorda unha arca ou artesa.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
BIC - DECLARADO	LOCAL	II-1; II-2	POUCO ALTERADO	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Labores periódicos de conservación e mantemento do penedo e do seu contorno.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	COVAS	O3/H-4	X_067

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cova da Moura	**QUEIRUGÁS**	**Queirugás**	**A Lama do Souto**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Indeterminada	636091-4646798	**GA32085REF-10**

DESCRICIÓN:

Está mesmo na entrada do núcleo tradicional de Queirugás, á dereita, antes de cruzar a ponte, no límite do monte comunal e das terras de labor. A localización da boca da mina estaría xusto onde remata o noiro cavado na rocha e comeza un muro de contención dunha parcela, uns 3 m máis arriba da cota pola que transcorre a estrada. Non puidemos ver nada a causa das silveiras. Don Franciso Rodríguez Losada, veciño de Queirugás de 85 anos, descríbea coma "unha cova con entrada en arco, que se entraba de fronte". Asegura que os antigos dicían que "alí vivían os mouros".

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	COMUNAL

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN INFRAESTRUTURAS

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Inédito

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	REFERENCIA ARQUEOLÓXICA	**O3/C-26**	**X_100**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
O Santo / Capela de San Roque	**TAMAGUELOS**	**Tamaguelos**	**Tamaguelos**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Medieval-Moderna	629780-4636102	**GA32085REF-2**

DESCRICIÓN:

Nos terreos coñecidos co nome de O Santo, nas proximidades da aldea de Tamaguelos e nun contorno parcialmente urbanizado, existiu, ao dicir dos veciños da parroquia, unha capela dedicada a San Roque.
No lugar onde puido estar a capela hai hoxe vivenda unifamiliares exentas, galpóns e unha serie de campos de floresta e cultivo a base de viñedo fundamentalmente, sen que fose posible localizar os restos edilicios deste lugar cultual.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	PRIVADA

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AGROPECUARIA

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N., Varela Barrios, C. e González Vázquez, I. (1991): Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Morchón Viñas, J. (2008) Estudo histórico de la Vía de la Plata. Tramo Feces de Abaixo-Cabreiroá (Verín, Ourense).

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

INSCRICIÓNS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN


CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXÍA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	REFERENCIA ARQUEOLÓXICA	**O3/F-9**	**X_101**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Ábedes	**ÁBEDES**	**Ábedes**	**Ábedes**

ADSCRICIÓN:	COORDENADAS:	CÓDIGO XACEMENTO:
Romana	631976-4644247	**GA32085REF-8**

DESCRICIÓN:

As novas sobre este xacemento de localización imprecisa veñen da información recollida por Ceán Bermúdez no seu "Sumario de las antigüedades que hay en España" (1832), onde di: "Abedes, feligresía del condado de Monterey en la provincia de Orense. Se descubrió en ella el año de 1580 un aposento romano de 15 pies de largo y 12 de ancho, que tenia en el medio una columna de mármol, y encima un toro de bronce".
Nas prospeccións realizadas con posterioridade non foi atopado resto algún, se ben Rodríguez Colmenero (1977), ante estas referencias e achados, recólleo como xacemento romano de chaira.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL DE PROTECCIÓN:	ESTADO DE CONSERVACIÓN:	PROPIEDADE:
INVENTARIADO	LOCAL	III	NON SE APRECIA	

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía:
- Amado Rolán, N. Varela Barrios, C. e González Vázquez, I.: (1991) Prospección arqueolóxica do concello de Verín (Ourense).
- Ceán Bermúdez, J.A. (1832): "Sumario de las antigüedades romanas que hay en España", p.216.


ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección	As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

P.X.O.M. (PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL) DO CONCELLO DE VERIN



CAMIÑO DE SANTIAGO

CONTORNO DE PROTECCIÓN DO CAMIÑO

AO ABEIRO DO ARTIGO 5 DA LEI 3/1996 DE PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO, A TRAZA DESTE CAMIÑO É PROVISIONAL, QUEDANDO A EXPENSAS DA SUA DELIMITACIÓN DEFINITIVA POLA XUNTA DE GALICIA

- LÍMITE DO CONCELLO
- LIMITE DOSOLO URBANO
- SOLO URBANO NON CONSOLIDADO
- LIMITE DO SOLO DE NÚCLEO RURAL
- NÚCLEO RURAL TRADICIONAL
- LÍMITE DO PLÁN ESPECIAL
- SOLOS URBANIZABLES
- SOLOS RÚSTICOS

SOLO URBANO
- CONSOLIDADO
- NON CONSOLIDADO

SOLO DE NÚCLEO RURAL
- NÚCLEO RURAL TRADICIONAL
- NÚCLEO RURAL COMÚN

SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN
- PAISAXÍSTICA
- PATRIMONIO CULTURAL
- ESPACIO NATURAL
- AUGAS
- INFRAESTRUTURAS
- FORESTAL
- AGROPECUARIO

SOLO RÚSTICO
- PROTECCIÓN ORDINARIA

SOLO URBANIZABLE
- DELIMITADO
- NON DELIMITADO

consultora galega s.l
SAN MARTIÑO, 3-B. PONTEVEDRA

ASINADO
Juan Carlos Portela Regodeseves
Arquitecto Colex. 4°410

PLANO Nº: Único

FOLLA: Única

ESCALA: 1:15.000

0 75 140 280 420 560 m

DATA: OUTUBRO 2012

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL VERÍN

PLANO DE: DELIMITACIÓN PROVISIONAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

FASE: DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA